

2. SÍNTESE E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN URBANÍSTICA

2.1. ENCADRE REXIONAL, COMARCAL E XEOGRÁFICO

2.1.1. Datos básicos

O Termo Municipal de Mondoñedo na provincia de Lugo ten unha extensión de 142,7 km², e unha poboación de feito de 4.603 habitantes, segundo os datos estatísticos oficiais do Padrón Municipal de Habitantes actualizado ao 2008.

Constitúe cabeceira de Partido Xudicial, no que se integran ademais os concellos de Abadín, Alfoz, Barreiros, Lourenzá, A Pastoriza, A Pontenova, Ribadeo, Riotorto, Trabada e O Valadouro. Funcional e xeograficamente enmárcase na Mariña Luguesa. Pertence á comarca da Mariña Central xunto cos concellos de Alfoz, Burela, Foz, Lourenzá e O Valadouro.

Ata 1833 foi capital da antiga provincia de Mondoñedo.

2.1.2. Límites

O Termo Municipal de Mondoñedo linda ao norte co municipio de Foz, ao leste cos municipios de Lourenzá e Trabada, ao oeste cos municipios de Alfoz e Abadín, e ao sur cos de A Pastoriza e Riotorto.

2.1.3. Xeografía

Xeograficamente o territorio municipal encádrase na comarca natural formada polos vales dos ríos Ouro e Masma e os rebordos montañosos que polo sur o separan da Terra Cha (Serra do Xistral e montes de Neda) que, xunto cos Montes da Cadeira, que pecha o val de Lourenzá polo leste e os montes de Cabaleiros polo oeste, forman un anfiteatro case perfecto.

2.1.4. Infraestruturas e comunicacións

O territorio municipal de Mondoñedo é punto de confluencia de itinerarios norte-sur que se intersectan na cidade capital: por unha parte a estrada nacional 634, Santiago-Oviedo, de conexión con Asturias, por outra os itinerarios autonómicos formados pola continuidade das estradas LU-160 Mondoñedo-Ferreira, LU-124 Mondoñedo-Vilameá e LU-122 Paraxes-Lourenzá, que relacionan a costa en Viveiro co interior de Meira, Riotorto e A Pontenova. A execución da Autovía Transcantábrica A-8 reforzará estas condicións de accesibilidade.

Estes itinerarios de relación comarcal e rexional teñen o seu antecedente na traza do Camiño Norte de Santiago (Ruta de Peregrinación da Costa) que atravesa o termo municipal de xeito lonxitudinal e de nordeste a sudoeste.



PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DE MONDOÑEDO. (LUGO)

ENCADRE COMARCAL



OFICINA DE PLANEAMENTO S.A.

2.1.5. Relación cos municipios limítrofes e outra planificación sectorial

Infraestruturas de comunicacións.

O Termo Municipal de Mondoñedo relaciónase na escala comarcal a través, fundamentalmente, da estrada N-634 da “Red de Interés General del Estado” que atravesa e estrutura o municipio como parte do itinerario longo Santiago-Asturias.

A través desta estrada e complementariamente das autonómicas LU-160 de Mondoñedo a Ferreira, LU-122 de Paraxes-Lourenzá, e LU-124 de Mondoñedo a Vilameá, prodúcese a articulación dos nodos urbanos próximos que son: Lourenzá, Valadouro-Viveiro, A Pontenova, Abadín-Vilalba e Meira. A rede secundaria comarcal está formada polas estradas autonómicas LU-153 Lourenzá-Masma, e as estradas locais PR-31-01 de Areas a Ver, PR-31-05 Retorta-Pedrido, PR-31-02 Mondoñedo-Argomoso, e PR-31-06 Mondoñedo-Cesuras-Estelo. Esta rede triangula a rede principal e distribúe os tráfico locais.

Os datos estatísticos oficiais do tráfico (IMD) correspondentes, tanto nas medicións nas Estacións de Aforo das Estradas Estatais como Autonómicas, poñen de manifesto a importancia do tráfico pasante da estrada nacional.

Segundo datos do 2004 a N-634 rexistra unha IMD de 7.321 vehículos/día, (1.289 pesados) e 8.395 vehículos/día (1.478 pesados). Pódese supoñer no treito unha densidade local de tan só 1.000 vehículos/día (189 pesados).

No que atinxe ás estradas autonómicas, con datos do 2.007, destaca a importancia de relacións Mondoñedo-Valadouro-Viveiro, con 1.475 vehículos/día fronte ao itinerario Mondoñedo-Meira. A predominancia do tráfico pasante é o que xustifica a importancia da variante de Mondoñedo na estrada N-634 e nunha escala superior á execución da Autovía Transcantábrica A-8.

As previsións de planeamento dos concellos limítrofes.

O estado do planeamento actual nos concellos limítrofes é o que se detalla na seguinte táboa.

CONCELLO	TIPO PLANEAMENTO	DATA DE APROBACIÓN DEFINITIVA	DATA DE PUBLICACIÓN
ABADÍN	Proxecto Delimitación Solo Urbano	24.01.92	BOP 11.03.92
ALFOZ	Sen planeamento		
FOZ	Normas Subsidiarias de Planeamento	11.11.81	BOP 19.01.82
LOURENZÁ	Normas Subsidiarias de Planeamento	31.01.95	BOP 09.02.95
A PASTORIZA	Proxecto Delimitación Solo Urbano	17.04.78	BOP 24.04.78
RIORTORTO	Proxecto Delimitación Solo Urbano	13.03.86	BOP 22.05.86

Dela despréndese a existencia de planeamento específico en Foz e Lourenzá (Normas Subsidiarias). Destes dous o único que incorpora todas as determinacións de planeamento é Lourenzá, onde no seu medio rural establece unha clasificación xeral de solo non urbanizable sobre a que se superpoñen as diferentes cualificacións referidas tanto aos núcleos rurais tradicionais como ás súas proteccións agropecuarias, forestais, de espazos naturais ou do patrimonio, todas elas grafitadas e delimitadas en planos de ordenación.

No que atinxe a Foz, as súas Normas, con dezoito anos de antigüidade, están en proceso de Revisión, téndose aprobado inicialmente en data 24 de abril de 2007

ACTUALIZACIÓN

En data 09.08.2013 aprobouse o documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Pastoriza (BOP 16.10.2013) que para o ámbito de contacto co municipio de Mondoñedo establece unha franxa de solo rústico de protección de infraestruturas, forestal e superposta con outras categorías a de solo rústico de especial protección das augas no contorno dos regatos.

Incidencia con outra planificación sectorial

- Plan Director de Estradas - Plan MOVE



Neste instrumento, que pretende minimizar os problemas detectados na rede viaria galega e satisfacer as demandas de tráfico e mobilidade contribuíndo á ordenación e reequilibrio territorial de Galicia, establécese un programa de actuacións que contempla ademais da formación de eixes viarios de novo trazado a mellora e acondicionamento da rede existente para que queden garantidas tanto a súa funcionalidade como a súa seguridade.


No que respecta á Mondoñedo non está prevista ningunha actuación agás ás que debeñan dos programas xerais referidos a actuacións de seguridade vial e os de integración paisaxística das estradas.

- Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia

Este documento de rango supramunicipal, aprobado definitivamente por Acordo do Consello da Xunta de data 30.04.2014, recolle o ámbito do parque empresarial de Mondoñedo xa existente co código de identificación 27030011 na área funcional das Mariñas, sen prever ningún complemento, dada a súa alta capacidade actual.

- **Plan Auga de Abastecemento de Galicia**

O municipio de Mondoñedo trátase de maneira individual no Plan Auga e conclúese que para o horizonte do ano 2023, a problemática principal radica na falta de ETAP propondo a implantación de varias para aqueles ámbitos que serven a máis de 500 habitantes.



- **Plan de Saneamento de Galicia 2000 - 2015**

Neste documento conclúese que a depuradora de Mondoñedo Cidade cumpre as condicións medioambientais, pois está deseñada para 5.000 habitantes equivalentes e serve a 3.800 habitantes.

- **Plan Eólico**

O Plan re-Xurde 2010 impulsado pola Consellería de Economía e Industria garante a “viabilidade técnica” dos proxectos eólicos que se estruturarán en Galicia en 10 zonas eléctricas e que se incluírán no novo concurso polo que se adxudicarán 2.325 megavatios de potencia.

As zonas eléctricas terán potencia limitada en cada unha delas, nas que se integran 191 áreas de desenvolvemento eólico delimitadas e incluídas no vixente Plan Sectorial Eólico de Galicia.



En Mondoñedo identifícanse varias áreas de reserva Eólica. Mondoñedo, Toxiza, Sasdónigas e Padornelo, téndose desenvoltas e implantadas varias áreas con destino a Parque eólico, que supoñen un impacto ambiental paisaxístico moi significativo.

- **Plan Hidrolóxico Galicia Costa**

O Plan Hidrolóxico Galicia Costa -aprobado por Consello da Xunta o 13 de outubro de 2011 e ratificado polo Ministerio mediante R.D. 1332/2012, de 14 de setembro-, redactouse coa finalidade de conseguir o bo estado e a axeitada protección da demarcación hidrográfica, garantindo a satisfacción das demandas e o equilibrio e harmonización do desenvolvemento rexional e sectorial. Para acadar estes obxectivos débese incrementar a dispoñibilidade do recurso protexendo a súa calidade, economizando e racionalizando o seu uso.

Pretende ademais, a adecuación do marco normativo galego á Directiva Marco da Auga. No documento, de xeito sintético tras a realización dun estudo da realidade actual sobre o que se apoia unha prognose da evolución esperada para o ano 2015, trátanse diversos temas. Por un lado analízanse as necesidades para abastecemento da poboación, usos industriais, agrarios, acuícolas e para a produción de enerxía eléctrica, concluíndo cales son as necesidades para o ano 2015. Para o municipio de Mondoñedo, incluído no sistema de explotación do Río Masma e Ría de Ribadeo, fíxanse en 0,56 Hm³/ano. Nunha cantidade similar establécese a necesidade de depuración cun retorno do 80% ás canles naturais. Ademais estuda as concas principais e as chairas de inundacións deses ríos en períodos de retorno 10,15, 25, 100 e 500 anos, a ter moi en conta para minimizar os efectos de posibles enchentes sobre a poboación. En Mondoñedo estúdase para o sistema Masma-Valiñadares que é o que presenta maior risco para a poboación, pola súa proximidade coa Cidade.

O río Masma, con código de masa de auga no Plan Hidrolóxico ES.014.LU-18-01-01 ten efectos de inundabilidade sobre Mondoñedo e Lourenzá con prioridade mínima.



En setembro de 2014, ábrese ao trámite de exposición pública os mapas de inundabilidade que cinguen o risco ao mesmo sistema Masma-Valiñadares.

- **Estratexia Galega de Paisaxe**

Formula o Mapa das grandes áreas paisaxísticas e dispón que se realizarán instrumentos de desenvolvemento sen que se teña desenvolto ningún ata o momento que inclúa ao termo de Mondoñedo. O seu obxectivo é desenvolver medidas integradas para protexer e preservar os elementos máis significativos.

Mondoñedo encádrase na área paisaxística A Mariña-Baixo Eo Interior.

- **Plan de residuos urbanos de Galicia 2010-2020**

Este plan aprobado polo Goberno Galego o 13 de xaneiro de 2011 é o instrumento de xestión en materia de residuos domésticos no territorio da Comunidade Autónoma.

O municipio de Mondoñedo amosa un indicador de ruralidade inferior a 0,2 o que significa que é un municipio rural aos efectos do Plan de Residuos. No anexo 8 Lista de Puntos Limpos non se sinala que se localice ningún en Mondoñedo. Non obstante, a área industrial do municipio é susceptible de acoller unha instalación destas características.

Mondoñedo atópase adscrito ao sistema SOGAMA de Cerceda, e para esta planta no Plan de Residuos, prevese un investimento na área referida á recuperación de Envases lixeiros.

- **Plan Director de Mobilidade Alternativa**

Documento sectorial que pretende definir unha rede de vías ciclistas de ámbito interurbano e metropolitano, e que sitúa a Mondoñedo como conxunto histórico dun corredor secundario, aínda que non dentro da Rede Básica de vías ciclistas.

Atópase en fase de borrador.

- **Plan Sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por Retegal**

Este documento aprobado por Acordo do Consello da Xunta en data 20.05.2013, permite analizar todas as infraestruturas de telecomunicacións existentes para propoñer as novas necesarias para garantir chegar a banda ancha a todos os municipios, logrando a ordenación xeral de todas as instalacións .

En Mondoñedo identifica un centro reemisor co código RTG27030003 situado en Monfadal.



- Plan Director da Rede Natura 2000

Este Plan Director aprobado mediante Decreto 27/2014 de 27 de marzo, é de aplicación ao conxunto de espazos protexidos, constituídos por 59 zonas de especial conservación e 16 zonas para a protección das aves (ZEPA).

A ZEC Ría de Foz-Masma (ES1120011), que na cartografía oficial para o municipio de Mondoñedo, cingúese ao curso do río Masma e do Valiñadares, e a ZEC (ES1120015) Serra do Xistral tamén parcialmente incluída no termo de Mondoñedo.

Proxectos con incidencia ambiental que afectan ao Concello

- Concentracións Parcelarias

No apartado 2.3.6. Estrutura de Propiedade e usos do solo do documento de Memoria do Plan Xeral, recóllense os procesos de concentración parcelaria, que substitúen a estrutura e forma das agras de labradío tradicionais por unha malla xeometrizada, alterando por tanto os valores paisaxísticos, territoriais,.... de orixe.

No momento de redacción do documento da Información Urbanística do Plan Xeral (ano 2008) habían 10 zonas sometidas ou en proceso de concentración.

A base de datos da Consellería de Medio Rural sinala para Mondoñedo un total de catro ámbitos coa concentración rematada dúas máis con acordo e dúas paralizadas, en 2014.

Parques eólicos - liñas de AT

A implantación de varios parques eólicos devén do desenvolvemento de varios proxectos sectoriais. Sinalar que en conxunto afectan negativamente á naturalidade e calidade dos montes e dos fitos paisaxísticos do termo.

O mesmo comentario é válido para os diferentes treitos de liñas de Alta Tensión que atravesan o municipio, debido á irrupción paisaxística e territorial que supón. Sinalar que existen varios proxectos para a implantación e/ou ampliación das liñas eléctricas de alta tensión.

2.1.6. Estrutura e relacións comarcais. As Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia

A Comarca da Mariña Central, integrada polos concellos de Burela, Alfoz, O Valadouro, Foz, Lourenzá e o propio Mondoñedo, ten unha extensión superficial de 500,90 km², o que representa un 5,08% da extensión da provincia de Lugo, mentres a súa poboación, representa o 8,64% da poboación provincial. A pesar de tratarse dunha comarca pouco poboada, ten unha densidade bruta de 61,32 hab/km², equivalente a 1,8 veces a media provincial. Isto é por tratarse dunha área internamente non homoxénea. Segundo datos do Padrón de 2009, o 63% da poboación comarcal aséntase sobre os dous concellos costeiros, Burela e Foz, que tan só representan ao 21,4% da superficie, acadando densidades brutas moi superiores á media comarcal.

A estrutura de asentamentos caracterízase pola presenza de cinco núcleos con características urbanas, Burela, Foz, Mondoñedo, Lourenzá e Ferreira, que abarcan case ao 50% da poboación comarcal, repartíndose o resto entre 620 entidades rurais de poboación e 47 parroquias.

Neste contexto a Consellería de Medio Ambiente, Transportes e Infraestruturas impulsa as Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, aprobadas definitivamente, coa finalidade básica de definir un modelo territorial para Galicia que identifique os elementos que o compoñen: rexións urbanas, cidades medias, nodos para o equilibrio do territorio, infraestruturas, espazos naturais, rías galegas, o litoral, o patrimonio cultural, a paisaxe, o espazo agrario e forestal, ...; e establece as súas características, cómo deben evolucionar, e cómo deben ser as relacións entre eles.

Na estratexia territorial establecida nas DOT, os Nodos para o equilibrio do territorio constitúen un sistema básico de núcleos, arredor de sistema de pequenas cidades e cabeceiras comarcais, que permiten asegurar unha axeitada cobertura de funcións urbanas esenciais en todo o espazo galego.

Estes nodos pechan a xerarquía de asentamentos con influencia supramunicipal, e da calidade dos seus servizos públicos e privados, o seu dinamismo económico e o seu atractivo urbano dependerá en boa medida as posibilidades dos espazos rurais para fixar a súa poboación actual, acoller novos residentes, mellorar a competitividade das actuais actividades económicas e atraer ou crear novas iniciativas produtivas.

Mondoñedo constitúe un Nodo para o equilibrio do territorio dentro do Sistema Urbano Intermedio da Mariña, con cabeceiras en Viveiro e Ribadeo, e vinculado ao eixe de articulación coa Cornixa Cantábrica.

2.1.7. O marco comarcal

O territorio municipal de Mondoñedo está integrado na comarca administrativa da Mariña Central, na que os principais núcleos urbanos, comerciais e de servizos son Foz e Mondoñedo, incorporándose o de Burela, tras a súa segregación do concello de Cervo.

Mondoñedo, antiga capital dunha das sete provincias do reino de Galicia, é un centro histórico-artístico de singulares características.

A estrutura demográfica.

Coa clara excepción de Foz e Burela, o resto da Comarca en xeral, é un ámbito demograficamente regresivo no contexto provincial e rexional.

Ao non dispoñer de datos de poboación censual de 1991 do Concello de Burela por non ter sido aínda separado do Concello de Cervo, a comparativa da evolución demográfica comarcal prodúcese analizando os Padróns de 1996 e 2008.

Pola súa parte, Foz e Burela, teñen sufrido na última década unha forte tensión inmobiliaria, como centro turístico costeiro o primeiro, e no segundo máis pola importancia do seu porto pesqueiro e o feito de ser a localización de importantes servizos coma o Hospital da Costa de Lugo.

Apréciase como, fronte a unha media de descenso demográfico nos concellos do interior da comarca de orde do 13% ao 16% no que respecta a Burela e Foz se producen aumentos demográficos do 15,7 e 3,8% respectivamente. De tal xeito que o peso da poboación do conxunto destes dous concellos do 56,3% do total comarcal en 1996 pasa ao 61,32% en 2008.

CADRO Nº 1. EVOLUCIÓN E DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN COMARCAL

CONCELLO	EXTENSIÓN (Km ²)	CENSO DE POBOACIÓN				PADRÓN MUNICIPAL		DENSIDADE (Hab/Km ²)	DENSIDADE (Hab/Km ²)	EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN					
		1950	1970	1991	2001	1996	2008	1991	2001	1970-1950	1991-1970	2001-1991	%	2008-1996	%
ALFOZ	77,50	4.011	3.205	2.645	2.382	2.553	2.133	34	30,74	-806	-560	-263	-9,94	-420	-16,45
BURELA	7,30				8.161	7.925	9.171		1.117,95					1.246	15,72
FOZ	100,30	8.216	8.274	9.446	9.488	9.516	9.880	94	94,60	57	1.172	42	0,44	364	3,83
LOURENZÁ	62,60	4.348	3.487	3.100	2.776	2.980	2.569	50	44,35	-861	-387	-324	-10,45	-411	-13,79
MONDOÑEDO	142,70	8.533	6.989	5.774	5.007	5.398	4.603	40	35,09	-1.544	-1.215	-767	-13,28	-795	-14,73
O VALADOURO	110,50	4.351	3.461	2.721	2.377	2.603	2.210	25	21,51	-890	-740	-344	-12,64	-393	-15,10
TOTAL COMARCA	500,90	29.459	25.416	23.681	30.191	30.975	30.566	48	60,27	-4.043	-1.735	6.510	27,49	-409	-1,32
TOTAL PROVINCIA	9.856,10				357.648	370.303	355.549		36,29					-14.754	-3,98

Fonte: IGE, INE.

Censos poboacionais de 1950, 1970, 1981, 1991, 2001.

Padróns Municipais de 1996, 2008.

Elaboración propia.

CADRO Nº 2. ESTRUTURA DA POBOACIÓN POR SEXOS E GRUPOS PRINCIPAIS DE IDADE. 2008.

CONCELLO	IDADE (%)			SEXO (%)	
	<16 ANOS	16-64 ANOS	>64 ANOS	HOMES	MULLERES
ALFOZ	7,92	56,82	35,26	48,66	51,34
BURELA	13,35	73,27	13,38	50,19	49,81
FOZ	10,62	66,99	22,39	48,91	51,09
LOURENZÁ	8,37	60,53	31,1	49,12	50,88
MONDOÑEDO	8,28	57,44	34,28	46,71	53,29
O VALADOURO	6,34	60,63	33,03	49,19	50,81
TOTAL COMARCA	10,4	65,72	23,88	48,98	51,02
TOTAL PROVINCIA	10,04	62,25	27,71	48,63	51,37
TOTAL GALICIA	12,16	66,19	21,65	48,28	51,72

Fonte: IGE Padrón de habitantes de 2008.

Elaboración propia.

A estrutura da poboación comarcal mostra en 2008 unha poboación envellecida, cunha taxa de senilidade do 23,88%, superior en dous puntos á media galega (21,65%), e inferior en catro puntos á provincial (27,71%). E unha taxa de xuventude de 10,4%, inferior en dous puntos á galega (12,16%) e moi similar á provincial.

Cómpre de novo distinguir entre Foz e Burela, con taxas de xuventude superiores á provincial (en Burela tres puntos maior) e con taxas de senilidade inferiores á media comarcal e provincial (en Burela dez puntos menos que a media comarcal), e o resto dos concellos, onde a poboación máis envellecida corresponde á de Mondoñedo e Alfoz, que tamén presentan un maior porcentaxe de mulleres.

A distribución da poboación comarcal por sexos é, a pesares do envellecemento, moi equilibrada o que pode ser reflexo de que os procesos emigratorios afectaron de xeito especial á poboación feminina en determinados grupos de idade.

A actividade económica.

O conxunto de Foz e Burela supoñen o 60,5% da poboación activa comarcal.

A poboación comarcal presenta unha taxa de actividade do 48,4%, tres puntos inferior á taxa galega e superior á provincial, que son do 50,7% e 47,9% respectivamente. Entre os concellos que a conforman, Mondoñedo sitúase catro puntos inferior á media comarcal, sendo o segundo concello con menor taxa de actividade, tan só superior á de Alfoz. A maior, Burela, sitúase sete puntos por riba da media comarcal. O Valadouro é o seguinte, lixeiramente por riba da media comarcal.

A taxa de paro comarcal (8,50%) sitúase por debaixo do 10,7% provincial, catro puntos inferior á media galega (12,50). Os concellos con maior paro rexistrado son Foz e Alfoz. Mondoñedo sitúase baixo a media comarcal.

CADRO Nº 3. POBOACIÓN ACTIVA E OCUPACIÓN. 1991-2001.

CONCELLO	POBOACIÓN ACTIVA			TAXA DE ACTIVIDADE			TAXA DE PARO		
	TOTAL	H	M	TOTAL	H	M	TOTAL	H	M
1991									
ALFOZ	1.106	692	414	47,90	61,10	35,20	5,50	6,60	3,60
FOZ	3.527	2.203	1.124	45,40	64,50	27,80	10,80	8,30	16,30
LOURENZÁ	1.357	804	550	50,90	62,50	40,00	8,80	7,70	10,40
MONDOÑEDO	2.230	1.335	895	46,10	59,50	34,50	8,90	9,10	8,50
O VALADOURO	1.083	668	415	46,00	58,20	34,50	8,80	7,90	10,10
TOTAL COMARCA	9.300	5.902	3.398	46,70	61,90	32,70	9,20	8,20	11,00
TOTAL PROVINCIA	160.394	98.768	61.626	50,50	63,90	37,70	11,40	10,90	12,30
TOTAL GALICIA	1.070.990	688.090	382.900	49,20	66,40	33,50	16,40	14,30	20,10
2001									
ALFOZ	879	556	323	40,90	53,70	29,00	10,00	8,80	12,10
BURELA	3.756	2.353	1.403	55,10	69,90	40,70	7,30	5,60	10,10
FOZ	3.984	2.454	1.530	47,70	61,80	35,00	10,80	7,30	16,50
LOURENZÁ	1.162	683	479	45,90	55,40	36,90	6,80	4,80	9,60
MONDOÑEDO	1.952	1.087	865	44,20	53,10	36,50	7,90	5,20	11,30
O VALADOURO	1.047	609	438	48,50	57,40	40,00	5,30	5,30	5,50
TOTAL COMARCA	12.780	7.742	5.038	48,40	60,90	36,80	8,50	6,20	11,90
TOTAL PROVINCIA	151.188	87.559	63.629	47,90	57,60	39,00	10,70	9,00	13,10
TOTAL GALICIA	1.183.150	689.617	493.533	50,70	62,10	40,30	12,50	9,90	16,10

Fonte: INE Censos de poboación de 1991 e 2001.

Elaboración propia.

Comparando os datos censuais de 2001 cos de 1991 pódese observar un descenso da taxa de paro de un punto, se ben no mesmo período na media galega descende a taxa de paro en catro puntos. Mondoñedo rexistra en ambos os dous censos unha taxa inferior á media comarcal. Cómpre destacar o caso de Alfoz, cun aumento de cinco puntos e Foz (maior poboación activa da comarca) que mantén en ambos casos a súa taxa de paro, superior á media comarcal, a diferenza de Burela (seguinte en poboación activa). Sen ter en conta a poboación de Burela o peso da poboación activa de Mondoñedo no total comarcal baixa do 23,9% ao 21,3%.

Analizando os datos de actividade por sexos pode observarse na comarca unha taxa de actividade feminina inferior á media galega e provincial. Os concellos con taxa superior á media son Burela e O Valadouro. Alfoz rexistra unha taxa sete puntos inferior á media comarcal. Fronte a esta baixa participación feminina, a taxa de paro das mulleres

traballadoras é inferior á media provincial galega, se ben na década 1991-2001 na media comarcal mantívose a taxa mentres que na Provincia e en Galicia a tendencia foi a un descenso da taxa de paro feminina.

CADRO Nº 4. ESTRUCTURA DA POBOACIÓN OCUPADA POR SECTOR. 1991-2001.

CONCELLO	POBOACIÓN OCUPADA	AGRICULTURA %	PESCA %	TOTAL PRIMARIO %	INDUSTRIA %	CONSTRUCCIÓN %	SERVIZOS %
1991							
ALFOZ	1.045	45,8	1,1	46,9	20,3	13,1	19,7
FOZ	3.145	18,0	10,6	28,6	20,4	14,2	36,9
LOURENZÁ	1.235	47,7	0,2	47,9	14,4	12,1	25,6
MONDOÑEDO	2.032	41,3	0,3	41,6	18,8	8,9	30,8
O VALADOURO	988	40,5	2,5	43,0	15,0	13,4	28,6
TOTAL COMARCA	8.445	34,0	4,5	38,5	18,5	12,4	30,6
TOTAL PROVINCIA	142.148	41,0	2,0	43,0	11,0	10,0	36,0
GALICIA	895.862	19,9	3,8	23,7	18,3	13,0	45,0
2001							
ALFOZ	791	29,7	2,0	31,7	16,4	15,2	36,7
BURELA	3.483	1,4	15,3	16,7	20,6	9,4	53,3
FOZ	3.553	9,0	6,5	15,5	18,8	13,7	52,0
LOURENZÁ	1.083	27,7	0,1	27,8	22,2	12,7	37,3
MONDOÑEDO	1.797	23,5	0,1	23,6	20,0	12,0	44,4
O VALADOURO	99	29,4	1,7	31,1	15,3	13,9	39,7
TOTAL COMARCA	11.698	13,8	6,9	20,7	19,4	12,2	47,8
TOTAL PROVINCIA	135.027	21,7	1,5	23,2	12,9	10,7	53,2
GALICIA	1.035.178	7,7	3,4	21,1	18,7	12,3	57,9

Fonte: INE Censos de poboación de 1991 e 2001.

Elaboración propia.

A Mariña Central experimentou ata o 1991 unha certa resistencia á terciarización da súa economía, pese a que o sector primario perde entidade. En 1981, agricultura e pesca dábanlle traballo ao 52% da poboación ocupada, ao 39% en 1991 e ao 20,7% (cun acusado descenso da agricultura fronte a un repunte da pesca).

No período 1991-2001, mentres que o peso da construción se mantén e sube lixeiramente o peso da industria, destaca o empuxe do sector servizos que pasa de ocupar o 30,6% ao 47,8%, sendo o primeiro en ocupación. Debe terse en conta, en calquera caso que, no mesmo período, en Galicia pasou de ocupar o 36% en 1991 ao 53,2%.

É de destacar a importancia do sector da industria, o 19,4%, sete puntos por riba da media provincial, e un punto por riba da galega, presentando pesos relativos maiores nos concellos de Lourenzá (22,2%), Burela (20,6%) e Mondoñedo (20,0%).

O desenvolvemento da industria alimentaria a partir da produción pesqueira e as industrias forestais, xunto coa ocupación na construción e, sobre todo, no desenvolvemento dos servizos, permitiron a redistribución da poboación ocupada comarcal entre os distintos sectores de actividade a partir da caída da ocupación agraria.

Esta importante transformación da base económica da actividade da poboación senta as bases dunha diversificación que aínda seguirá evolucionando acompañando o proceso de decrecemento demográfico.

O espazo de desenvolvemento que queda á industria de transformación agroforestal e pesqueira e aos servizos, entre eles non só os de carácter estacional vinculados ao uso dos recursos costeiros senón aos de novo tipo, constitúen as oportunidades de desenvolvemento da comarca, que en calquera caso debe partir sempre do principio de conservación ecolóxico e respecto ao medio ambiente, porque esta é unha das características que deben diferenciar esta comarca, diversa nas súas paisaxes costeiras e interiores.

Evolución da vivenda.

En relación á evolución da vivenda na comarca, é de destacar a capacidade mostrada polos municipios costeiros Foz e Burela para atraer nova vivenda en porcentaxes significativas, cun crecemento do seu parque entre 1991 e 2001 do 25%, e o 23,6%. Isto vinculado ao crecemento do sector da construción como base da actividade económica, e en particular ao pulo da vivenda en enclaves con potencial turístico como ben de inversión, no período analizado. Pola contra, os concellos de interior ven diminuír o seu número de vivendas.

CADRO Nº 5. EVOLUCIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS. 1991-2001.

CONCELLO	1991 Nº Viv.	2001 Nº Viv	91-01 Nº Viv	91-01 %
ALFOZ	1.170	909	-261	-22,31
BURELA	3.449	4.263	814	23,60
FOZ	4.654	5.849	1.195	25,68
LOURENZÁ	1.303	1.323	20	1,53
MONDOÑEDO	2.365	2.271	-94	-3,97
O VALADOURO	1.219	1.043	-176	-14,44
TOTAL COMARCA	14.160	15.658	1.498	10,58

Fonte: INE Censos de vivenda de 1991 e 2001.

Elaboración propia.

Analizando as vivendas ocupadas constátase o carácter inversor do crecemento inmobiliario dado o desfase entre o número de vivendas familiares e o número de vivendas principais ocupadas, e que a maior parte das novas vivendas substituíron ás vivendas anteriores ou alimentaron unha inversión inmobiliaria sen uso, e en menor medida a aumentar as vivendas secundarias. En Foz o 66% das novas vivendas corresponden con vivendas baleiras e secundarias. En Burela as vivendas secundarias e baleiras corresponden ao 60% do total de vivendas. En Mondoñedo a perda de vivendas vai parella á diminución de vivenda secundaria e baleira, probablemente baixas de vivendas en mal estado.

CADRO Nº 6. EVOLUCIÓN DAS VIVENDAS PRINCIPAIS OCUPADAS. 1991-2001

CONCELLO	VIVENDAS FAMILIARES	VIVENDAS PRINCIPAIS	VIVENDAS SECUNDARIAS	VIVENDAS BALEIRAS	OUTRO TIPO
1991					
ALFOZ	1.170	794	112	264	
BURELA (1)	3.449				
FOZ	4.654	2.829	893	871	44
LOURENZÁ	1.303	967	74	253	3
MONDOÑEDO	2.271	1.668	42	558	
O VALADOURO	1.219	875	72	269	3
TOTAL COMARCA	14.160	7.133	1.193	2.215	50
2001					
ALFOZ	909	810	80	18	1
BURELA	4.263	2.687	489	1.075	12
FOZ	5.849	3.283	1.582	971	13
LOURENZÁ	1.323	958	74	288	3
MONDOÑEDO	2.271	1.739	172	349	11
O VALADOURO	1.043	834	204	5	0
TOTAL COMARCA	15.658	10.311	2.601	2.706	40

Fonte: INE Censos de vivenda de 1991 e 2001.

Elaboración propia.

(1) Ao non dispor de datos pormenorizados para 1991 do Concello de Burela por non ter sido separado do Concello de Cervo incorpóranse a esta táboa soamente dato das vivendas familiares totais.

2.2. ESTUDO DO MEDIO RURAL. DESCRICIÓN FÍSICA DO TERRITORIO

2.2.1. Caracterización xeográfica

O Termo Municipal de Mondoñedo aséntase xeograficamente na zona de transición entre a costa luguesa e a Terra Cha, formando parte do seu reborde montañoso polo Norte. Esta situación leva unhas características orográficas e climáticas que o diferencian dos concellos do seu contorno. O relevo é bastante accidentado, con ámbitos de forte pendente indo desde as cotas de 838 m na Toxiga aos 50 m no val do Masma, en estribacións da serra do Xistral e o Cordal de Neda e Lourenzá.

As orientacións das concas e as divisorias do monte estruturan o territorio municipal, podéndose distinguir tres ámbitos:

O sur e leste constitúe o rebordo montañoso da Terra Cha, de elevada cota e vales encaixados e profundos como o de Tronceda e o primeiro treito do Valiñadares. As altitudes van desde os planos altos de Coto de Pilar da Pedra, Fraga Vella, Herboreiro e Farrapa, con cotas superiores aos 700 metros, ao val de Cesuras e último treito de Valiñadares, na súa confluencia atópase a cidade de Mondoñedo na cota 130 m, e iso en forte descenso que determina pendentes medias superiores ao 18%, o que limita a aptitude dos terreos.

O espazo central, de terras baixas, estrutúrase en torno o amplo val do Masma, formado a partir da confluencia dos ríos Valiñadares e Cesuras.

Por último, un espazo norte que se organiza en torno os amplos vales dos regos Oirán, Vedral e Couboeira, perpendiculares todos eles ao río Masma, e con altitudes medianas de 250-300 metros moi por debaixo do que representaba o rebordo montañoso.

De seguido reproducése un texto de Otero Pedraio que enmarca esta descrición xeográfica:

“Grandes vales ordenados cada un en sucesivos tempos de decorrer, dispostos en leque ou abano, en raiolante croa, dende e erguemento do Xistral e do Cadramón, matizando a encosta xeneral da Corda e da Terra Cha pró Cantábrico e cinguido ó nacente co afeixamento das serras lugesas do N.L. ordeadas polo asucamento do Eu: asín poidérase sinalar de xeito unha miga espresivo a feitura do norde lugués, terras propias da diócesi de Mondoñedo.

.....
Sin dúbida recoñécese un clima, unha vivencia do Cantábrico. Baixando da Terra Cha os verdes son outros. Pechos e fortes de pradeira asturián. As formas orgaízanse en vales deseguida ben dibuxados, con concas ou estaxes entre eles. Na luz diferente da atlántica istes vales, nacendo das ermas montanas galoupadas

polas greas, nais de ríos, locen unha beleza individual, súa, e se non franquexan nin se con conxuntan como os da chamada atlántida.

.....
O val de Mondoñedo está envolto e agasallado na terra oután soergueita na Cadeira e no Cordal de Neda. Siñifica Lourenzá a perfeición do val chamando augas de lonxe pra enteirare o Masma. O río Ouro ou Louro, o Landrove, o Sor, esculturan con grandeza dende os montes á riveira seus vales. No meio da rexión, co erguemento do Penido Novo, dos montes de Buio, o leque ou abano de vales non rixe. Os riachos de Cervo e de Xove non chegan a ordear concas fortes. O xistral alonga unha vivencia de montana.

.....
A Cadeira, o Cordal de Neda, os Montes da Infesta por onde chouta o Tronceda envolven nas súas costas a cidade mais un guieiro craro de val sinálase dende o deceso do Cordal de Neda, remate das outas chairas de Abadín polo río-eixe Valiñadares que afonda rexamente dende Sasdónigas por Argomoso, pé de Lindín, deica os barrios de San Roque e de San Lázaro na mesma cidade. Tamén na Cadeira nasce o val de Lourenzá, mais seu centroso espallamento augas ó mar siñifica un degrán de madurez respeito do val mindoniense.

.....
As montanas son feitas con arelanzas de forma de seu da mesma materia de serra ben afeixada por romariz e Labrada pró Monseibane, o Coto Cal, o Toxiza, iste de 840, perdo dos cotos choutados polo Tronceda de pouco menos dos 500. O medio da entosta está sinalada polo monte da Lagoa, o convento dos Picos, o Rego de Xapón.

.....
Os cultivos xa desen ricos pola entosta esquerda do Valiñadares -chamado denantes Carballo e Abre- por Argomoso, xunguido á cidade como Sasdónigas e Lindín. As augas pouco abaixo do Campo dos Remedios deitan no Masma, que baixo a Toxiza trai seu val bravo, friemento, entre rexas e agullentas formas e píncaros. En Viloalle está criado o río. O nome cambea. Pra us o outo Masma é o Xestido ou Tronceda, pra outros o de Libureiro, ou o mesmo regato que baixa esporente pola costa dos Picos. De certo o nome emprégase dende máis abaixo de Mondoñedo, e a parroquia da Masma frolez xa na soleira ou degráu de baixada ó val de Lourenzá.

.....
Os cruces dos camiños desenrolan novas figuras de poboación e xuntan nun nó forte Santo Tomé e San Xorxe, namentras o pulo itinerario do camiño do mar e de Asturias fortece o antigo centro monástico na limpa craridade de Vilanova.

Van ó Masma regos de Cabarcos e Celeiros e o rí estreitado entre costas baixas froumentas vai percibindo a marea pola antiga ponte Espiñeira e a barca de Vilardade, xa no esteiro de Barreiros prá ría de Foz.”

2.2.2. Xeoloxía e xeomorfoloxía

A complexidade do relevo mindoniense é produto de gran variedade de tipos de rochas existentes e da forte sectoriarización destes materiais. O sector noroccidental, que é o que alcanza as maiores cotas (Toxiza, Paraño, etc.) presenta un substrato granítico e fortes resaltes topográficos constituídos por niveis cuarcíticos (Pena da Roca, Pico, etc.). O resto do territorio é basicamente pizarroso, con zonas esquistosas máis alterables e áreas de caliza afectadas por un proceso de disolución ata formar cavidades subterráneas. Os vales presentan un recubrimento cuaternario, de natureza aluvial onde a topografía é propicia para a sedimentación. Os terreos dátanse fundamentalmente do Primario ou Paleozoico, con certa orixinalidade litolóxica en relación co que é habitual na rexión.

Xeomorfoloxicamente, o territorio municipal pertence practicamente na súa totalidade á superficie de erosión que é a perillanura fundamentalmente de Galicia. Resultado desta erosión só as forman de relevo hoxe predominantes e que esquematicamente se reducen a amplos macizos montañosos sucados por estreitos vales fluviaais. No xeográfico esta configuración constitúe as estribacións a levante da Serra do Xistral. As formas do relevo pódense considerar orientadas en dirección aproximada norte-sur en torno o val do Masma.


Desde o punto de vista mineiro, ao máximo interese da zona céntrase na explotación das canteiras de calizas, non sempre compatibles coa preservación da paisaxe municipal.

2.2.3. Hidrografía

O Termo de Mondoñedo pertence a vertente cantábrica enmarcándose hidrograficamente na conca do río Masma que se forma dentro do territorio municipal por confluencia dos arrosos Valiñadares, Cesuras, Tronceda e Figueiras. Todos eles recollen as augas das áreas montañosas, o Valiñadares, Tronceda e Figueiras en vales encaixados, o Cesuras en outro máis amplo e de características de aluvión. Desde o punto de vista hidrográfico o Masma presenta un caudal medio de 2.800 l/seg.

O río Baus, afluente do Masma e que forma o concatenado val de Lourenzá , atravesa de xeito tanxencial o territorio municipal polo leste, entre as parroquias de Lindín e Maior.

Outros dous afluentes do Masma, o Oirán e o Couboeira, estruturan polo norte as súas respectivas parroquias formando amplos vales.



PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DE MONDOÑEDO. (LUGO)

HIDROGRAFIA



2.2.4. Clima

A pesar de ser un concello interior, a pouca distancia que o separa do mar e a ausencia de barreiras topográficas son causa de suavidade das súas temperaturas, dentro dun clima morno oceánico como se reflicte na oscilación dos valores medios das súas variables climáticas.

Os datos analizados son os proporcionados pola estación meteorolóxica de Mondoñedo, e definen, desde o punto de vista da ecoloxía dos cultivos (J. Papadakis) un inverno relativamente libre de xeadas, tipo Avena, e un verán no que non é posible o cultivo do millo para gran tipo. Trigo máis cálido. En canto ao réxime de humidade, dada a pouca duración e intensidade do período seco, pódese considerar como húmido.

Temperatura.

A temperatura media anual é de 12,5 o, oscilando entre os 8 o de media de xaneiro e os 18,1o de media no mes de agosto, cunha oscilación de tan só 10 o.

As temperaturas máis elevadas son as rexistradas nos meses de agosto e setembro, acadándose temperaturas medias máximas de 25,5 o respectivamente. As temperaturas mínimas danse nos meses de xaneiro e febreiro, acadándose temperaturas medias mínimas de 4,3 o e 3,4 o, respectivamente.

Pluviometría.

A precipitación media anual é de 1.345 mm, distribuídos regularmente ao longo do ano nuns 160 días de chuvia.

Os meses máis chuviosos son os de novembro e decembro, que rexistran 182 e 206 mm respectivamente. Os meses menos chuviosos son os de xullo e setembro que rexistran 31 e 53 mm respectivamente.

Nos meses de xaneiro, febreiro, marzo, novembro e decembro prodúcese unha activación de precipitacións, mentres nos meses de xullo, agosto e setembro prodúcese un déficit de precipitacións.

A nubosidade é abundante existindo un promedio de 30-40 días despexados ao ano, resultando os restantes, a partes iguais, entre os nubosos e cubertos.

2.2.5. Edafoloxía

De acordo coa clasificación americana Soil Taxonomy, os solos atópanse a nivel de Orden: Entisols, Inceptisols, Spodosols e Alfisols.

Os Entisols son os solos menos evolucionados, posúen xeralmente un só horizonte sobre a rocha nai e son polo tanto moi pouco profundos, atopándose en zonas de gran pendente, moi sometidas á erosión. Atópanse asociadas cos Inceptisols, e son moi frecuentes. A nivel de grupo clasifícanse como Udorthenta.

Os Inceptisols son solos medianamente evolucionados, presentando un perfil do tipo A/B/C, no que o horizonte B presenta síntomas de evolución. Atópanse en gran proporción asociados con Entisols e Alfisols; cos primeiros ocupando as zonas máis profundas e evolucionadas e cos segundos, as menos desenvolvidas. A nivel de grupo atópanse Haplumbrepts que corresponden a solos escuros de zona húmidas; e os Entrochrepts de zonas máis secas pero sen carbonatos. Estes solos son moi frecuentes.

Os Spodosols son solos de montaña, de zona húmida con horizonte no que hai unha acumulación de ferro. Atópanse asociados cos Alfisols.

Os Alfisols son solos máis vellos e evolucionados, presentando un perfil do tipo A/B/C; sendo o Bt un horizonte de acumulación de arxila iluviada. Atópanse asociados cos Inceptisols e Spodosols, constituíndo solos vivos e profundos. A nivel de grupo téñense os Hapludalfs, que corresponden a solos de zona húmida moi evolucionados e Ferrudalfs, que posúen un horizonte con acumulación de ferro, solos tamén de zona húmida de montaña.

2.2.6. Vexetación e cultivos

De acordo coas condicións climáticas antes indicadas, os cultivos principais son os criófilos (trigo, patacas, chícharos, trevo, etc.), así como a xudía. Son moi favorables para pastos e forraxes.

Polo que respecta á vexetación natural, tanto o diagrama climático de W-L, como o gráfico de formacións fisionómicas define unha vexetación típica de gran formación Aestilignosa con características oceánicas, clímax típico de Querción Soboris ou Q sensiliflorae, dependendo do tipo de solo (Quercus pyrenais, sessiliflora, Fagus silvática, etc.).

Resumindo a planimetría do termo municipal correspondente ao Mapa de Cultivos e Aproveitamentos elaborado polo Ministerio de Agricultura, pódese agrupar os cultivos e aproveitamentos en catro grandes grupos: Labor e Pradería (24,73%), Matagueira (36,55%), Arboredo (37,75%) e Improdutivo (0,97%).

Labor intensiva sen arboredo.

Este aproveitamento está formado por aquelas masas nas que foi posible illar os cultivos das praderías, podéndose atopar sen embargo ata quince por cento de praderías dentro do que se considera mancha pura de labor intensiva sen arboredo, así como certo número de pés de árbores en sebes, ribados ou pequenas parcelas. Os cultivos que compoñen a alternativa seguida nesta superficie están destinados fundamentalmente ao autoconsumo, respondendo ao chamado policultivo de subsistencia.

Están localizados principalmente nos vales e nas ladeiras próximas. O desenvolvemento da alternancia é en xeral a seguinte: sementeira en primavera de patacas e millo, aos que no outono se engade o cereal para grao (trigo ou centeo) ou alcácer con ou sen nabos. Tamén se pode sementar pradería de tres a cinco anos de duración.

Pradería sen arboredo.

Este aproveitamento recolle as superficie cubertas por agrupacións vexetais exclusivamente herbáceas, sexan espontáneas ou sementadas, e dedicada á produción de forraxe, que se pasta ou sega, para consumo en verde, henificar ou ensilar.

Son superficies reducidas e escasas que adoitan ocupar pequenas valgadas e zonas húmidas.

As praderías non se consideran dentro das alternancias de cultivo. Os coidados que se lles proporcionan son escasos e o abonado deficiente, cando non nulo. Nos prados máis húmidos non entra o gando, segándose sempre; nos demais henifícase o corte de primavera e o gando entra a pastar o resto do ano. A produción oscila entre 10.000 e 15.000 kg de forraxe verde por Ha.

Pradería arborada.

Agrúpase baixo esta denominación as manchas nas que foi imposible cartografar por separado os dous aproveitamentos. O arboredo non supón no conxunto das manchas unha fracción de cabida cuberta maior de 0,1. Adoitan ser bosquetes de frondosas e incluso de coníferas. Son moi abundantes o *Salix sp*, *Alnus glutinosa* e algún pé de *Betula alba*.

Mosaico de pradería e cultivos.

Trátase dun mosaico no que é imposible a segregación de praderías e cultivos. Dentro da superficie total deste aproveitamento a pradería representa entre o 20 e o 30% do total, sendo esta natural ou sementada.

Matagueira sen arboredo.

Abrangue este aproveitamento as superficies cubertas por vexetación arbustiva fundamentalmente, onde o arboredo non excede de 20 pés por hectárea. Predomina o *Ulex*, *Calluna vulgaris* e *Erica sp*.

O aproveitamento tradicional da matagueira é para cama do gando, dando lugar a excelente abono orgánico.

Matagueira arborada.

As especies arbustivas son as xa reseñadas no aproveitamento anterior. Dentro do arboredo predomina o Pino marítimo, nun 80 por cento, sendo o resto *P. insigne*, *P. silvestre*, carballo, castiñeiro, bidueiro, etc. A cabida cuberta deste arboredo está entre 0,10 e 0,15.

Superficie arborada con especies forestais.

O piñeiro marítimo, só ou con outras especies, representa máis da metade do arboredo existente. as frondosas en plena regresión, son aínda relativamente importantes.

- . Piñeiro.

É frecuente atopar o piñeiro marítimo nestas masas en substrato inferior da frondosa principalmente carballo e castiñeiro, e de especies de ribeira, cando a masa de piñeiro marítimo comprende algunhas valgadas ou curso de auga. Predominan os recubertos dun 60% e aínda que haxa pés de distinta índole predominan as froiteiras.

No que atinxe o piñeiro insigne, case que o 50% destas masas é de implantación recente, con turnos de corta duns 25 anos e unha produción anual de 8-9 m³/Ha e con aproveitamento da súa madeira para postes, celulosas e taboleiros de partículas e de fibras.

Por último a masa de piñeiro silvestre está formada por pés de distintas idades con fracción de cabida cuberta moi variable.

- . Eucalipto.

A masa está composta en xeral por froiteiras, oscilando a súa cabida cuberta entre 40% e 65%. Os turnos de corta están comprendidos entre os dez e quince anos cunha produción duns 12 m³/Ha/ano, destinándose a pastas, celulósicas, construción, etc.

- . Carballo e castiñeiro.

Predomina entre as diversas variedades de carballo o Q. Pedunculata. Forma bosques e bosquetes, polo común vellos, con alta fracción de cabida cuberta, ás veces acompañado de pés de distintas especies.

En canto o castiñeiro, a fracción de cabida cuberta adoita ser superior a 0,75, cun elevado % de pés parcialmente podres, principalmente entre os demochados.

- . Bidueiro.

E moi abundante, presentando unhas idades diversas e un recubrimento que varía entre un 40 e un 60%.

- . Masas de asociacións.

Na asociación de piñeiro marítimo e eucalipto, o primeiro atópase na proporción do 60%, a idade dos pés é moi diversa e o recubrimento oscila entre un 70% de fracción de cabida cuberta. Representa case que a metade do total da superficie arborada.

A asociación de piñeiro marítimo e carballo non só son de masas puros e van acompañadas doutras frondosas como castiñeiro e bidueiro. A proporción de piñeiro marítimo é do corenta por cento, cun recubrimento da masa dun 70%.

De igual xeito tampouco son masas puros a asociación eucalipto e castiñeiro, indo acompañado doutras frondosas (carballo, bidueiro). O eucalipto é dominante dentro da masa pero nunca superior ao 70%, con recubrimento da masa do 70%.

Na asociación eucalipto e carballo, ambos os dous están na mesma proporción, unha fracción de cabida cuberta que oscila de 0,4 a 0,6.

Improdutivo.


Está formado polos afloramentos rochosos e coas superficies ocupadas polos núcleos urbanos. Ademais estímase nun 15% do total, o improdutivo non cartografado ocupado por estradas, ríos e núcleos rurais diseminados.

Resumo.

A continuación reproducése un listado da distribución da superficie de cultivos e aproveitamentos no termo municipal de Mondoñedo, con datos totais.

CADRO Nº 7. DISTRIBUCIÓN DA SUPERFICIE DE CULTIVO E APROVEITAMENTO

	SUPERFICIE (Ha)	% TERMO MUNICIPAL
Labor intensiva sen arboredo	22	0,15
Pradería de rego	3.324	23,52
Matagueira sen arboredo	2.090	14,80
Mosaico matagueira e labor extensiva	532	3,76
Matagueira arboredo	648	4,58
Piñeiro	2.493	17,64
Eucalipto	30	0,21
Castiñeiro	7	0,05
Carballeira	30	0,21
Bidueiro	54	0,38
Asociación Piñeiro e Eucalipto	3.358	23,76
Asociación Piñeiro e Carballo	371	2,62
Asociación Eucalipto e Castiñeiro	341	2,42
Asociación Eucalipto e Carballo	79	0,56
Asociación Carballo Bidueiro	564	4,00
Outras Asociacións	82	0,58
Improdutivo	104	0,76



PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DE MONDOÑEDO. (LUGO)

MAPA DE CULTIVOS E APROVEITAMENTOS



OFICINA DE
PLANEAMENTO S.A.

2.3. MODELO DE ASENTAMENTO E ESTRUTURA TERRITORIAL

2.3.1. Estrutura e organización parroquial

O Concello de Mondoñedo estrutúrase en 15 parroquias correspondentes a outras tantas entidades colectivas de poboación recoñecidas polos Censos e Padróns Oficiais e que son:

CADRO Nº 8. PARROQUIAS DO CONCELLO DE MONDOÑEDO. POBOACIÓN E SUPERFICIE

Nº entidade	DENOMINACIÓN	SUP. (Km ²)	POBOACIÓN DE FEITO		NOMENCLATOR		Hab/Km ²			
			1991	1996	2001	2008	1991	1996	2001	2008
30.01	ARGOMOSO (S. Pedro)	6,50	105	98	87	70	16,2	15,1	13,4	10,8
30.02	A COUBOEIRA (Sta. María Madalena)	10,02	105	98	93	76	10,5	9,8	9,3	7,6
30.03	FIGUEIRAS (S. Martiño)	15,95	93	88	83	75	5,8	5,5	5,2	4,7
30.04	LINDÍN (Santiago)	6,60	161	160	146	122	24,4	24,2	22,1	18,5
30.05	MASMA (Sto. André)	8,25	351	312	288	255	42,5	37,8	34,9	30,9
30.06	MAIOR (Sta. María)	19,82	435	387	345	282	21,9	19,5	17,4	14,2
30.07	OS REMEDIOS (N. S. dos Remedios)	28,12	863	813	777	670	30,7	28,9	27,6	23,8
30.08	O CARME (N. S. do Carme)	3,10	160	141	143	128	51,6	45,5	46,1	41,3
30.00	MONDOÑEDO CIDADE	-	2.318	2.208	2.083	2.036				
30.10	TRIGÁS (San Vicente)	5,97	67	62	57	53	11,2	10,4	9,5	8,9
30.11	SANTIAGO DE MONDOÑEDO (Santiago)	10,70	279	252	230	203	26,1	23,6	21,5	19,0
30.12	OIRÁN (Sto. Estevo)	8,20	230	205	181	148	28,0	25,0	22,1	18,0
30.13	SASDÓNIGAS (San Lourenzo)	5,70	144	142	129	107	25,3	24,9	22,6	18,8
30.14	VILOALLE (Sta María)	8,75	178	174	170	165	20,3	19,9	19,4	18,9
30.15	VILAMOR (Sta María)	5,67	286	258	239	213	50,4	45,5	42,2	37,6

A denominación de cada unha das parroquias correspóndese coa oficial e publicada no Diario Oficial de Galicia nº 216 do sete de setembro de 1991. O establecemento pola Dirección Xeral de Estrutura Agraria de ámbitos parroquiais para a Concentración Parcelaria en oito das quince parroquias, permite unha delimitación máis afinada dos ámbitos.

As parroquias de Mondoñedo non son homoxéneas en superficie. Fronte a un grupo de cinco parroquias que superan os 10 km², outras seis escasamente chegan aos 6,50 km², sendo a maior das parroquias a de Os Remedios e a menor a de O Carme. Esta diversidade de superficie xunto cunha diferente distribución da poboación determina igualmente densidades heteroxéneas que van desde os 41,3 e 37,6 hab/km² de O Carme e Vilamor, respectivamente, aos 4,7 hab/km² de Figueiras, movéndose sete

delas nun abano que vai desde 18 a 30 hab/km². Exclúese da análise a cidade de Mondoñedo.

Esta característica heteroxénea das parroquias ten a súa orixe na distribución territorial, correspondendo aquelas de maior extensión e menor poboación ás que incorporan unha maior superficie de monte, na súa meirande parte de carácter comunal. A baixa densidade do conxunto, así como o cadro xeral de minoría demográfica nun marco de política agraria de fomento vía concentración parcelaria, son indicativos de cambios nas estruturas de produción e competencia do mercado agropecuario, pero non contradín a relativa vixencia do modelo parroquial.

Para os efectos da análise debemos diferenciar o feito urbano da Cidade de Mondoñedo do resto do conxunto de asentamentos de carácter rural distribuídos de diferente xeito polo territorio municipal.

2.3.2. Modelo de asentamentos

O modelo de asentamentos fundaméntase na existencia dunha Cidade que absorbe o 44,2% da poboación municipal, e un conxunto de entidades de carácter rural distribuídas polo seu territorio.

O número de entidades singulares segundo Nomenclátor do 2008 é 101, máis a Cidade, repartidos en quince parroquias, o que representa unha media de 6,7 entidades por parroquia.

Cómpre indicar que no Nomenclátor de 1887 se detallan ata 197 entidades de poboación, nas categorías de aldea, casarío, casas de gardas e casas de labor, repartidas en doce parroquias.

A media municipal é de 25,24 hab/entidade menor (isto é, sen contar a Cidade). Por parroquias os valores maiores de poboación/entidade corresponden a Oirán (49,3), Masma (36,4) e Vilamor (35,5).

Atendendo á distribución da poboación por parroquias (excluindo a Cidade), Os Remedios ten o 26,1% da poboación de entidades menores seguida de Maior (10,9%) e Masma (9,93%). Por número de entidades, Os Remedios ten 18 entidades, seguida de Santiago (14) e Maior (11), pola contra Oirán e Sasdónigas teñen soamente 3 entidades.

Atendendo á densidade territorial bruta de ocupación, a densidade media é de 32 hab/km². Por parroquias a maior densidade bruta corresponde a O Carne (41,3 hab/Km²), seguida de Vilamor 37,6 hab/km²), fronte a escasa densidade de Figueiras (4,7 hab/ Km²) e A Couboeira (7,6 hab/ Km²).

As entidades maiores se sitúan nas parroquias de Masma, Oirán e Os Remedios:

MASMA.

O Outeiro 67 hab.

A Seara 86 hab.

OS REMEDIOS.

As Carroceiras 68 hab.

Cesuras 68 hab.

Estelo 67 hab.

A Recadieira 111 hab.

OIRÁN.

Centeás 61 hab.

A Seara agrupa os lugares de Retorta e Acea; Estelo agrupa os lugares Cancelo, Porto de Barreira, As Pedreiras e Porta do Galdo.

Desta primeira análise pódese concluír que a célula de asentamento dominante é a aldea nuclear de tamaño pequeno-medio, con preeminencia de lugares acasados de desigual desenvolvemento situados no seu ámbito territorial, con lixeiros matices segundo se trate de territorios de val ou de montaña.

2.3.3. Caracterización do sistema de núcleos

Modelo de densidade.

Unha vez establecido o modelo de asentamento, baseado nunha realidade urbana, a Cidade de Mondoñedo, é un sistema polinuclear diversamente caracterizado pola súa posición nun territorio de transición, é preciso analizar a evolución deste modelo co fin de caracterizalo. Para iso establécese un modelo de densidade neta territorial para o efecto de medir os gradientes de ocupación, establecer correlacións con outras variables explicativas de utilización e xerarquía do territorio e observar as tendencias de evolución do sistema.

Este modelo baséase en calcular a densidade neta da poboación, tomando como base os límites de cada parroquia e distribuindo a poboación censual de cada unha delas sobre as celdas definidas pola cuadrícula de referencia UTM que están efectivamente ocupadas por núcleos ou casarío (cuadrículas netas), no caso da cidade de Mondoñedo a densidade repártese uniformemente sobre as cuadrículas ocupadas, baldeirando as cuadrículas non ocupadas, que se correlacionan en xeral coas extensións continuas de monte e outros usos extensivos singulares. O modelo de densidade permite así visualizar o significado difuso do sistema de núcleos. O ancho da malla establécese nunha celda de 0,5 x 0,5 Km.

Da análise comparada dos gráficos realizados segundo datos de 2001 e 2008 pódense extraer as seguintes conclusións que caracterizan o sistema de núcleos.

- 1º O escaso nivel de ocupación pola edificación do territorio municipal, producido o conto de cuadrículas efectivamente ocupadas a porcentaxe é do 23%.
- 2º O asentamento organízase maioritariamente de xeito lonxitudinal segundo o eixe da estrada nacional 640 e do Val do Masma, abríndose en dous trazos a xeito de Y polos vales do Valiñadares e Cesuras. Esta disposición de asentamentos representa ao 63% da superficie ocupada pola edificación.
- 3º Xunto a esta organización lonxitudinal dos asentamentos no territorio, as cabeceiras parroquiais situadas maioritariamente nos planos altos e a media ladeira presentan uns importantes niveis de compactidade.
- 4º En canto á súa evolución, pódese falar dunha perda xeneralizada de densidade, que tan só consegue manterse parcialmente no contorno da Cidade de Mondoñedo e das

vías principais, ocupando o Val do Cesuras, e nas cabeceiras parroquiais máis importantes, pese a que algunhas delas perden case que a metade da poboación.

Dos núcleos rurais: morfoloxía e agrupacións.

A análise de densidade, de xeito abstracta, permite poñer de manifesto unha certa xerarquía ou orientación espacial no territorio municipal, que se enmarca nun contexto de xeneralizada crise demográfica que afecta á pervivencia do modelo parroquial tradicional de xeito negativo.

A aldea, formada pola reunión de casais nun ámbito diferenciado asociado á proximidade de prados e á organización do labradío en agras, constitúe o tipo de núcleo dominante. Os procesos de concentración parcelaria levados a cabo reforzaron en xeral a centralidade e conservaron a forma das aldeas. Os núcleos da aldea son de formato pequeno-medio e de certa compactidade, podendo distinguirse pola súa forma, tipos de planta central ou estreladas como Centeas ou Burgo (Oirán), Seivane (Os Remedios) Castro (Lindín) e Chao da Aldea (Sasdónigas), ou de planta lineal coma Os Lamegos (Coubeira), Marquide (Masma), ou Rúa Travesa (Lindín).

Observando a distribución das aldeas no territorio, ás veces ponse de manifesto a proximidade ou contigüidade de núcleos de aldeas que, sen deixar de manter a súa individualidade, tenden a presentarse agrupadas. Estas agrupacións teñen expresión na morfoloxía tradicional como nubes ou racimos de lugares ou aldeas, e entre as que podemos destacar as que se agrupan en torno a Cesuras (Os Remedios) ou os Curros (Maior).

De seguido establécese a relación de agrupacións producidas nos núcleos do termo municipal, tendo como referencia de orixe o Nomenclátor de 1887 (1).

CADRO Nº 9. AGRUPACIÓN NÚCLEOS RURAIS

PARROQUIA	NÚCLEO	LUGARES AGREGADOS
ARGOMOSO	O BARRAL A CUBA O ESCOURIDO PARDIÑAS SUPENA AS PRAZAS (1) CARBALLO (1)	Barral, O Castro A Cuba O Escourido Pardiñas Supena, Orxal As Prazas Carballo
A COUBOEIRA	A CAMPA O CAMPO DO ARCO A FRANCA	A Campa, Casa Grande, Rúa O Campo do Arco, Igrexa A Franca

PARROQUIA	NÚCLEO	LUGARES AGREGADOS
	OS LAMEGOS O SOUTO O COTO (1) BROZO (1) FOLLENTES (1)	Os Lamegos, Aira de Mallal O Souto O Coto Brozo, Pertigas Follentes
FIGUEIRAS	A ALDEA O ROMEO SAN MARTIÑO CARBOEIRO (1) CONTADA (1)	Rego, Poceira, A Croa O Romeo A Malata, Toxal, Pedra da Moa Carboeiro Contada
LINDÍN	BARRAL DE CIMA - CAXIGO O CASTRO RÚA TRAVESA BEIRA DO RÍO FOLGUEIROSA	Barral da Cima, Caxigo O Castro Rúa Travesa Beira do Río, Lobreiro Folgueirosa
MASMA	O ARCO MARQUIDE O OUTEIRO PADRIÑAN SANTO ANDRÉ A SEARA - RETORTA O VILAR O LODEIRO (1)	O Arco, Bouza Vella Marquide O Outeiro, O Castro Padriñan, Casa Cantil, Canteiro Santo André-Muradas-Campoduxo A Seara – Retorta O Vilar O Lodeiro
SANTA MARÍA MAIOR	A BRAÑA A CRUZ DA CARREIRA CURROS-CASTRO FERREIRA FERRERÍA O FONDO DA VILA O MOURAL - REGO CAVADO O SOUTO SOUTOXUANE BEIRA DO RIO BIDUEIRAS	A Braña A Cruz de Carreira Curros, Castro, Carballeira, A Veiga Ferreira Ferrería de Abaixo, Ferrería de Arriba O Fondo da Vila O Moural, Rego Cavado O Souto Soutoxuane Beira do Río Bidueiras
OS REMEDIOS	CESURAS AS CORUXEIRAS ESTELO O FORMIGUEIRO PELOURÍN PRADO PUMARIÑO A RECADIEIRA REGO DOS CAS SANTA MARGARIDA SEIVANE TRONCEDA O VALIÑO ZOÑÁN SAN CRISTOVO (1) CUCOS-RÚA (1)	Cesuras As Coruxeiras Estelo, Barreira, As Pedreiras O Formigueiro Pelourín Prado, Redondo Pumariño de Arriba, Pumariño de Abaixo A Recadieira, Coto da Recadieira, O Mazo Rego dos Cas, O Casal Santa Margarida, Pacios de Arriba, Pacios de Abaixo Seivane, Portugaleta, Vilar Tronceda O Valiño, O Souto Zoñán, Campo, Os Prados San Cristovo Cucos-Rúa

PARROQUIA	NÚCLEO	LUGARES AGREGADOS
O CARME	AS ABIDUEIRAS O CARME A FABEGA-FONTE MONFADAL RAMÍS SAN CARLOS A VALORIA MONTE DE ARCA (1)	As Abidueiras O Carme A Fabega-Fonte Monfadal Ramís San Carlos A Valoria Monte de Arca
SAN VICENTE DE TIGRÁS	A ALDEA-O COMBARRO-SAN VICENTE A VALIÑA	A Aldea, O Combarro, San Vicente, Carballo A Valiña
SANTIAGO DE MONDOÑEDO	BARBEITAS MAARIZ-COUZADA PAADÍN PAUSALIDO PEDRIDO O REGUENGO SAN PEDRO SAN PAIO VALIÑADARES VIGO O VILAR ACEVEDO (1)	Barbeitas Maariz, As Airas, Pomarega, Couzada, As Bouzas Paadín Pausalido Pedrido O Reguengo San Pedro San Paio Valiñadares Vigo O Vilar Acevedo
OIRAN	O BURGO CENTEAS XERCIDO O LOUREIRO (1) CASAVELLA (1) CASA DO PORTUGUÉS (1) A LANDEIRA (1) ALLARES (1)	O Burgo, Iglesario, Outeiro, O Rego Centeas Xercido, Os Baos O Loureiro Casavella Casa do Portugués A Landeira Allares
SASDÓNIGAS	CHAO DA ALDEA – PE DO MONTE LOUSADA SUAIGREXA	Chao da Alde, Pé do Monte Lousada Suaigrexá
VILOALLE	A CABANA O CASAL – PENAMOURA A FERRERÍA A IGREXA O VILAR CASABRANCA (1)	A Cabana O Casal, Penamoura, Grandal, Pena do Carro, As Lamas A Ferrería A Igrexa, Vilarado O Vilar Casabranca
VILAMOR	A CALVELA ENCIMA DA VILA O CHAO DO VAL O GROBE GUILLADE VILAVERDE LAMELAS (1)	A Calvela, As Airas, A Veiga Encima da Vila O Chao do Val, Pacios, Barral, Torre O Grobe Guillade, Pé do Monte, Virxe da Pena Vilaverde, Solleiro Lamelas

No cadro seguinte detállase a evolución da poboación dos núcleos no período 2001-08.

CADRO Nº 10. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN DOS NÚCLEOS DO TERMO MUNICIPAL DE MONDOŊEDO

PARROQUIA	NÚCLEOS	Poboación de feito 1970	Poboación de feito 1996	% (Pob.96-Pob.70) /Pob.70	Nomenclátor		% (08-01)
					2001	2008	
00 MONDOŊEDO	01 MONDOŊEDO	2.634	2.208	-0,16	2083	2036	-0,02
	TOTAL	2.634	2.208	-0,16	2083	2036	-0,02
01 ARGOMOSO	01 O BARRAL	56	28	-0,5	23	20	-0,13
	02 A CUBA	48	27	-0,44	26	24	-0,08
	03 O ESCOURIDO	21	12	-0,43	10	6	-0,40
	04 PARDIÑAS	11	12	0,09	11	10	-0,09
	05 SUPENA	35	19	-0,46	17	10	-0,41
	TOTAL	171	78	-0,54	87	70	-0,20
02 COUBEIRA	01 A CAMPÁ	54	37	-0,31	32	29	-0,09
	02 O CAMPO DO ARCO	26	27	0,04	26	21	-0,19
	03 A FRANCA	16	11	-0,31	14	8	-0,43
	04 OS LAMEGOS	19	15	-0,21	13	10	-0,23
	05 O SOUTO	31	8	-0,74	8	8	0,00
TOTAL	146	98	-0,33	93	76	-0,18	
03 FIGUEIRAS	01 ALDEA	56	29	-0,48	25	22	-0,12
	02 O ROMEO	53	34	-0,36	33	31	-0,06
	03 SAN MARTIÑO	56	25	-0,55	25	22	-0,12
TOTAL	165	88	-0,47	83	75	-0,10	
04 LINDÍN	01 BARRAL DE CIMA	54	57	0,06	54	46	-0,15
	02 O CASTRO	72	44	-0,39	36	30	-0,17
	03 CAXIGO	36	29	-0,19	32	24	-0,25
	04 FOLGUEIROSA	11	-				
	05 RÚA TRAVESA	19	21	0,11	16	15	-0,06
	06 A BEIRA DO RÍO	8	9	0,13	8	7	-0,13
TOTAL	200	160	-0,20	146	122	-0,16	
05 MASMA	01 O ARCO	56	21	-0,63	20	17	-0,15
	02 MARQUIDE	43	32	-0,26	26	27	0,04
	03 O OUTEIRO	88	77	-0,13	74	67	-0,09
	04 PADRIÑAN	30	7	-0,77	9	7	-0,22
	05 SANTO ANDRÉ	77	68	-0,12	63	47	-0,25
	06 A SEARA	110	102	-0,07	92	86	-0,07
	07 O VILAR	13	5	-0,62	4	4	0,00
TOTAL	417	312	-0,25	288	255	-0,11	
06 MAIOR	01 A BRAÑA	52	35	-0,33	34	34	0,00
	02 A CRUZ DA CARREIRA	44	31	-0,30	27	20	-0,26
	03 CURROS	114	75	-0,34	65	54	-0,17
	04 FERREIRA	47	37	-0,21	36	29	-0,19
	05 FERREIRÍA	59	45	-0,24	35	30	-0,14

PARROQUIA	NÚCLEOS	Poboación de feito 1970	Poboación de feito 1996	% (Pob.96-Pob.70) /Pob.70	Nomenclátor		% (08-01)
					2001	2008	
	06 O FONDO DA VILA	42	37	-0,12	34	25	-0,26
	07 O MOURAL	61	40	-0,34	39	30	-0,23
	08 O SOUTO	66	28	-0,58	28	19	-0,32
	09 SOUTOXUANE	53	33	-0,38	25	25	0,00
	10 BEIRA DO RÍO	16	9	-0,44	10	5	-0,50
	11 BIDUEIRAS	34	17	-0,50	12	11	-0,08
	TOTAL	588	387	-0,34	345	282	-0,18
07 OS REMEDIOS	01 AS CARROCEIRAS (1)	12	81	5,75	82	68	-0,17
	02 CESURAS	77	71	-0,08	69	68	-0,01
	03 AS CORUXEIRAS	48	36	-0,25	35	37	0,06
	04 ESTELO	97	83	-0,14	80	67	-0,16
	05 O FORMIGUEIRO	39	32	-0,18	31	28	-0,10
	06 GONTARIZ (2)	8	6	-0,25	6	3	-0,50
	07 PELOURIN	36	45	0,25	46	37	-0,20
	08 PRADO	18	7	-0,61	7	5	-0,29
	09 PUMARIÑO	56	56	0,00	52	36	-0,31
	10 A RECADIEIRA	138	126	-0,09	126	111	-0,12
	11 REGO DOS CAS	46	34	-0,26	32	30	-0,06
	12 SANTA MARGARIDA	51	38	-0,25	20	18	-0,10
	13 SEIVANE	59	44	-0,25	39	37	-0,05
	14 TRONCEDA	34	33	-0,03	30	25	-0,17
	15 O VALIÑO	104	64	-0,38	64	57	-0,11
	16 ZOÑÁN	84	47	-0,44	39	28	-0,28
	17 A CHANTA (1)				6	3	-0,50
	18 SAN CRISTOVO				13	12	-0,08
	TOTAL	907	803	-0,11	777	670	-0,14
08 O CARME	01 AS ABIDUEIRAS	16	16	0,00	16	15	-0,06
	02 A ÁSPERA (2)	7	6	-0,14	5	4	-0,20
	03 O CARME	21	18	-0,14	19	19	0,00
	04 A FABEGA-FONTE	19	17	-0,11	17	14	-0,18
	05 LONGARELA (2)	11	5	-0,55	5	6	0,20
	06 MONFADAL	15	21	0,40	25	26	0,04
	07 PONTE POUSADA (1)	5	7	0,40	7	8	0,14
	08 RAMÍS	14	15	0,07	13	10	-0,23
	09 SAN CARLOS	50	27	-0,46	24	23	-0,04
	10 A VALORIA	13	9	-0,31	12	3	-0,75
	TOTAL	171	141	-0,18	143	128	-0,10
10 SAN VICENTE DE TRIGÁS	01 A ALDEA	53	36	-0,32	34	30	-0,12
	02 O COMBARRO	25	18	-0,28	15	15	0,00
	03 O PEDROSO (2)	9	2	-0,78	2	2	0,00
	04 SAN VICENTE	5	4	-0,20	4	4	0,00

PARROQUIA	NÚCLEOS	Poboación de feito 1970	Poboación de feito 1996	% (Pob.96-Pob.70) /Pob.70	Nomenclátor		% (08-01)
					2001	2008	
	05 A VALIÑA	18	2	-0,89	2	2	0,00
	TOTAL	110	62	-0,44	57	53	-0,07
11 SANTIAGO DE MONDOÑEDO	01 BARBEITAS	34	14	-0,59	15	14	-0,07
	03 MAARIZ	77	44	-0,43	43	42	-0,02
	04 PAADIN	8	7	-0,13	7	8	0,14
	05 O PACIO (2)	4	6	0,50	0	0	
	06 PAUSALIDO	13 + 8	5	-0,38	5	5	0,00
	07 PEDRIDO	39	23	-0,41	22	23	0,05
	08 O REGUENGO	68	38	-0,44	34	31	-0,09
	09 SAN PEDRO	16	18	0,13	18	16	-0,11
	10 SAN PAIO	45	38	-0,16	33	25	-0,24
	11 SAN QUEITANO (2)	14	7	-0,50	6	4	-0,33
	12 VALIÑADARES	72	38	-0,47	33	27	-0,18
	13 VIGO	22	11	-0,50	11	6	-0,45
	14 O VILAR	16	-	-	0	0	
	16 CASABELLA (2)	4	3	-0,25	3	2	-0,33
	TOTAL	440	252	-0,43	230	203	-0,12
12 OIRÁN	01 O BURGO	81	64	-0,21	51	42	-0,18
	02 CENTEÁS	86	74	-0,14	69	61	-0,12
	03 XERCIDO	77	67	-0,13	61	45	-0,26
	TOTAL	244	205	-0,16	181	148	-0,18
13 SASDÓNIGAS	01 O CHAO DA ALDEA	66	40	-0,39	40	36	-0,10
	02 LOUSADA	108	57	-0,47	44	41	-0,07
	03 O PÉ DO MONTE	30	29	-0,03	33	25	-0,24
	04 SUAIGREXA	16	16	0,00	12	5	-0,58
	TOTAL	220	142	-0,35	129	107	-0,17
14 VILOALLE	01 A CABANA	34	23	-0,32	20	18	-0,10
	02 O CASAL	39	20	-0,49	25	28	0,12
	03 A FERRERÍA	28	29	0,04	25	26	0,04
	04 A IGREXA	69	42	-0,39	41	42	0,02
	05 A PENAMOURA	34	30	-0,12	28	24	-0,14
	06 O VILAR	42	30	-0,29	31	27	-0,13
	TOTAL	246	174	-0,29	170	165	-0,03
15 VILAMOR	01 A CALVELA	61	49	-0,20	46	42	-0,09
	02 ENCIMA DA VILA	45	37	-0,18	31	32	0,03
	03 O CHAO DO VAL	56	48	-0,14	39	32	-0,18
	04 OGROBE	53	40	-0,25	42	38	-0,10
	05 GUILLADE	46	37	-0,20	40	29	-0,28
	06 VILAVERDE	69	37	-0,46	41	40	-0,02
	TOTAL	330	123	-0,63	239	213	-0,11

(1) incluído na Cidade

(2) diseminado

Características das construcións tradicionais.

A arquitectura tradicional do termo municipal de Mondoñedo, segue as pautas de racionalidade e economía de medios das arquitecturas populares.


O vencellamento da vivenda coa utilización económica do territorio (relación coas agras, edificacións auxiliares, tamaño e disposición das parcelas, albergue e coidado dos animais); o emprego de materiais de doada obtención; a auto-construción (técnicas construtivas transmitidas por xeracións apurando o óptimo comportamento dos materiais); o concepto de sostibilidade no emprego e mantemento das edificacións (as construcións formadas por elementos finitos non continuos que permiten as substitucións e reparacións parciais en contra dos derrubes xerais).

En Galicia, a tipoloxía construtiva das arquitecturas tradicionais consiste basicamente no emprego de muros estruturais de fábrica de cachotería co emprego de sillares ou pedras maiores e máis regulares nos linteis, esquinas, etc.; estrutura horizontal de madeira, mediante vigas e forxados de pequenas luces; estrutura de cuberta de madeira a dúas ou catro augas e tellados de tella nas zonas central e costeira, de invernos máis benignos, mentres que nas zonas altas e de montaña, con maior presenza de neve, emprégase a lousa de lousa, cunhas pendentes máis acusadas.

As características estruturalmente funcionais dos muros de carga, empregados como elemento portante vertical, e a protección dos fortes ventos e frecuentes choivas propician formas construtivas pechadas en si mesmas, minimizando as superficies en contacto co exterior (con menores perdas calorimétricas no interior da vivenda).

A arquitectura popular na comarca xeográfica na que se atopa Mondoñedo é xeralmente de corpos lisos prismáticos, sen voos nin saíntes e cun claro dominio do macizo sobre o van.

Os ocos son alongados con predominio da vertical garantindo así unha maior estabilidade dos muros. A proporción de ocos é xeralmente $2/3$, $\sqrt{2}$ ou áurea. A carpintería é de madeira podendo situarse en faces exteriores ou interiores. O sistema de apertura predominante é o batente de eixe vertical. Nas portas de entrada deben destacarse as portas de maior tamaño de corte e alpendre, que xeralmente se sitúan agrupadas cando estas se integran na edificación principal, neste caso ademais, as cortes serven de elemento calefactor das estancias habitables situadas na planta superior.



OFICINA DE PLANEAMENTO S.A.
 SETEMBRO 2016
 DOC. DE APROB. DEFINITIVA
 ESCALA 1/55.000

CONCELLO DE MONDOÑEDO
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
 DOCUMENTO DE CUMPRIMENTACIÓN DA ORDE DE 13 DE XUÑO DE 2016 DA C.M.A.O.T.




INFORMACIÓN
 SISTEMA DE ASENTAMENTOS E ESTRUCTURA PARROQUIAL

PLAN Nº

PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DE MONDOÑEDO (LUGO)

ANALISE DE NUCLEOS RURAIS

NOME DO NUCLEO: **SAN MARTIÑO**



DENSIDADE RESIDENCIAL




OFICINA DE
PLANEAMENTO S.A.

PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DE MONDOÑEDO (LUGO)

ANALISE DE NUCLEOS RURAIS

NOME DO NUCLEO: **ROMEU, ALDEA**



DENSIDADE RESIDENCIAL





OFICINA DE
PLANEAMENTO S.A.

PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DE MONDOÑEDO (LUGO)

ANALISE DE NUCLEOS RURAIS

NOME DO NUCLEO: **LINDIN, RUATRAVESA, O CAXIGO, CASTRO**



DENSIDADE RESIDENCIAL




OFICINA DE
PLANEAMENTO S.A.

PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DE MONDOÑEDO (LUGO)

ANALISE DE NUCLEOS RURAIS

NOME DO NUCLEO: **OUTEIRO, A SEARA, PADRIÑAN**



DENSIDADE RESIDENCIAL




OFICINA DE
PLANEAMENTO S.A.

PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DE MONDOÑEDO (LUGO)

ANALISE DE NUCLEOS RURAIS

NOME DO NUCLEO: **MARQUIDE, SANTO ANDRE, MURADAS, PE DO MONTE**



DENSIDADE RESIDENCIAL




OFICINA DE
PLANEAMENTO S.A.

PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DE MONDOÑEDO (LUGO)

ANALISE DE NUCLEOS RURAIS

NOME DO NUCLEO: **MAIOR, MOURAL, FERREIRA, FERREIRIA, BEIRA DO RIO**



DENSIDADE RESIDENCIAL




OFICINA DE
PLANEAMENTO S.A.

PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DE MONDOÑEDO (LUGO)

ANALISE DE NUCLEOS RURAIS

NOME DO NUCLEO: **SEIVANE, VALIÑO, FORMIGUEIRO, PELOURIN, PUMARIÑO, CORUXEIRAS**



DENSIDADE RESIDENCIAL

1a3 viv/Ha 4a5 viv/Ha 6a8 viv/Ha 9a10 viv/Ha +10 viv/Ha




OFICINA DE
PLANEAMENTO S.A.

PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DE MONDOÑEDO (LUGO)

ANALISE DE NUCLEOS RURAIS

NOME DO NUCLEO: **CESURAS, ZOÑAN, PACIOS, STA. CRISTINA**



DENSIDADE RESIDENCIAL




OFICINA DE
PLANEAMENTO S.A.

PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DE MONDOÑEDO (LUGO)

ANALISE DE NUCLEOS RURAIS

NOME DO NUCLEO: **ESTELO, TRONCEDA**



DENSIDADE RESIDENCIAL




OFICINA DE PLANEAMENTO S.A.

PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DE MONDOÑEDO (LUGO)

ANALISE DE NUCLEOS RURAIS

NOME DO NUCLEO: **A ALDEA, O COMBARRO, O PEDROSO, SAN VICENTE, A VALIÑA**



DENSIDADE RESIDENCIAL




OFICINA DE
PLANEAMENTO S.A.

PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DE MONDOÑEDO (LUGO)

ANALISE DE NUCLEOS RURAIS

NOME DO NUCLEO: **MAARIZ, VALIÑADARES**



DENSIDADE RESIDENCIAL




OFICINA DE
PLANEAMENTO S.A.

PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DE MONDOÑEDO (LUGO)

ANALISE DE NUCLEOS RURAIS

NOME DO NUCLEO: **VALORIA, RAMIS, MONFADAL, SAN CARLOS, SAN PAIO, O REGUENGO**



DENSIDADE RESIDENCIAL




OFICINA DE
PLANEAMENTO S.A.

PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DE MONDOÑEDO (LUGO)

ANALISE DE NUCLEOS RURAIS

NOME DO NUCLEO: **O BURGO, CENTEAS**



DENSIDADE RESIDENCIAL




OFICINA DE
PLANEAMENTO S.A.

PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DE MONDOÑEDO (LUGO)

ANALISE DE NUCLEOS RURAIS

NOME DO NUCLEO: **SASDONIGAS, LOUSADA**



DENSIDADE RESIDENCIAL




OFICINA DE
PLANEAMENTO S.A.

PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DE MONDOÑEDO (LUGO)

ANALISE DE NUCLEOS RURAIS

NOME DO NUCLEO: **RECADIEIRA, O CASAL, FERREIRA, A IGREXA, O VILAR**



DENSIDADE RESIDENCIAL




OFICINA DE
PLANEAMENTO S.A.

PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DE MONDOÑEDO (LUGO)

ANALISE DE NUCLEOS RURAIS

NOME DO NUCLEO: **CIMADEVILA, O GROVE, VILAVERDE, CHAO DO VAL**



DENSIDADE RESIDENCIAL




OFICINA DE
PLANEAMENTO S.A.

PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DE MONDOÑEDO (LUGO)

ANALISE DE NUCLEOS RURAIS

NOME DO NUCLEO: **CURROS, ARGONOSO, BARRAL**



DENSIDADE RESIDENCIAL




OFICINA DE
PLANEAMENTO S.A.

PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DE MONDOÑEDO (LUGO)

ANALISE DE NUCLEOS RURAIS


NOME DO NUCLEO: **COUBOEIRA, OS LAMEGOS, O SOUTO, A CAMPA**



DENSIDADE RESIDENCIAL



OFICINA DE
PLANEAMENTO S.A.




FEBREIRO 2016

CONCELLO DE MONDOŃEDO
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
INFORMACIÓN

ESCALA 1/5.000

NÚCLEO DE FOLLENTE'S






FEBREIRO 2016

CONCELLO DE MONDOÑEDO
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
INFORMACIÓN

ESCALA 1/5.000

NÚCLEO DE CARBALLO






FEBREIRO 2016

CONCELLO DE MONDOÑEDO
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
INFORMACIÓN

ESCALA 1/5.000

NÚCLEO DE LOUSADA






FEBREIRO 2016

CONCELLO DE MONDOŊEDO
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
INFORMACIÓN

ESCALA 1/5.000

NÚCLEO DE CRUZ DA CARREIRA





FEBREIRO 2016


CONCELLO DE MONDOŃEDO
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
INFORMACIÓN

ESCALA 1/5.000

NÚCLEO DE CHAO DO VAL



OFICINA DE
PLANEMENTO S.A.



FEBREIRO 2016

CONCELLO DE MONDOÑEDO
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
INFORMACIÓN

ESCALA 1/5.500

NÚCLEO DE MAARIZ-COUZADA



OFICINA DE
PLANEMENTO S.A.

Ficheiro de núcleos rurais.

Co fin de fundamentar a delimitación dos núcleos rurais, procedeuse a realizar un extensivo traballo de campo que permitiu recoñecer as trazas e edificacións tradicionais, permitindo así a delimitación dos núcleos rurais tradicionais así como dos núcleos rurais comúns.

En certas áreas os núcleos forman agregados que son recoñecidos como tal nas fichas.

A ficha recolle ademais do nome e parroquia dos núcleos, a poboación censual no ano 2009 e a superficie clasificada polo planeamento, medida sobre cartografía a escala 1/2.000 e reflectida en Ha.

No apartado de morfoloxía e función parroquial describíense as características morfolóxicas dos núcleos.

A densidade reflicte o valor actual de vivendas por hectárea na totalidade do núcleo delimitado.

O apartado de consolidación reflicte o grao de consolidación de cada área delimitada de núcleo rural tradicional ou núcleo rural común tras a aplicación da ordenanza proposta polo Plan.

Os usos da edificación deixan constancia do número de edificios de uso distinto ao residencial e o seu uso nos ámbitos delimitados.

No apartado de dotacións recóllense aquelas englobadas na delimitación ou vencelladas aos núcleos distinguíndoas por tipos coa súa superficie e titularidade.

No apartado de infraestruturas recóllese o estado das principais, explicando a condición de proxecto dalgunha.

No apartado de rede viaria faise unha exhaustiva explicación de titularidade, tipo e estado de todo o viario do núcleo codificados.

O apartado de patrimonio cultural e etnográfico recolle todos aqueles elementos culturais que merecen especial protección, tanto dentro do ámbito do núcleo coma no seu contorno máis inmediato. Relaciónanse así, con referencia ao seu número de identificación de catálogo, os elementos arqueolóxicos, a arquitectura relixiosa, os pazos

e casas grandes, a arquitectura popular de interese e os elementos etnográficos (cruceiros, muíños, fontes e lavadoiros).

Por último, as observacións fan mención a particularidades específicas no proceso de elaboración de cada ficha.

Acompáñase cada ficha doutras tres con información gráfica.

Na primeira, acompáñase unha reportaxe fotográfica de cada núcleo.

Na segunda, acompáñase a foto aérea da que se dispón a escala 1/5.000.

Na terceira o plano de delimitación do núcleo ou agregado distinguindo as dúas clasificacións: o núcleo rural tradicional e o núcleo rural común. Ademais sinálanse cunha trama raiada as edificacións tradicionais que serven de base á delimitación do núcleo rural, os elementos catalogados e as dotacións existentes. Esta ficha realízase sobre a base cartográfica a escala 1/2.000, reproducíndose a escala 1/5.000 para facilitar a lectura conxunta do núcleo ou agregado.

2.3.4. Sistema viario territorial

Viario e comunicacións.

O sistema de transporte comarcal e local descansa na infraestrutura viaria de estradas.

Distinguimos na rede viaria do Concello de Mondoñedo catro niveis:

Estradas Nacionais.

TRANSCANTÁBRICA A-8.

A súa función é vertebración das catro comunidades da cornixa cantábrica mediante unha vía de alta capacidade, en execución no treito correspondente á comarca.

A súa posta en marcha suporá a liberación de tráfico pesados e de vehículos de tránsito á N-634.

N-634.

Constitúe o primeiro nivel e refírese á “Red de Interés General del Estado”. A N-634, que une Santiago con Asturias, atravesando o Termo Municipal de Sur a Norte. O seu trazado foi rectificado recentemente reducindo o número de curvas, incorporando o terceiro carril, e proxectando ex novo a variante de Mondoñedo, todo iso dótao dunha maior funcionalidade como vía de tráfico interrexional.

Estradas Autonómicas.

Representa o segundo nivel e constitúeno as estradas de competencia da Comunidade Autónoma, que presenta maioritariamente un carácter intermunicipal.

O conxunto desta rede, está composta polas seguintes vías:

LU-130. “Rolda de Mondoñedo” de CN-634 (Barrio dos Remedios) a CN-634 (Cemiterio Municipal), cunha lonxitude de 1,5 km.

LU-123. “Travesía de Mondoñedo” de CN-634 (Barrio de San Lázaro) a CN-634, cunha lonxitude de 0,8 Km.

LU-124. “De Mondoñedo a Vilameá. Treito antigo desde a CN-634, pasando pola rúa Pardo de Cela, Catedral e Ponte do Pasatempo, cara Vilameá.

LU-124. "Variante da antiga LU-124" que corresponde coa actual r/ Buenos Aires.

LU-160. De Mondoñedo, Ferreira de Valadouro, recentemente reformada, desde Avda. de San Lázaro cara Ferreira.

LU-153. De Lourenzá á LU-160 pola Seara.

LU-131. De Lourenzá á Cruz de Cancela, cara a Meira a través da N.E.5.

LU-122. De Lindín a Paraxes.

LU-125 Bretoña (LU-122) - Lindín (LU-124).

LU-159 LU-160 - Coto Ricadieira - LU-160

Estradas locais.

Un terceiro nivel da rede constitúeno as estradas de competencia da Deputación Provincial e as municipais, que presentan maioritariamente un carácter intermunicipal e local.

O conxunto desta rede confórmano as seguintes estradas:

LU-P-3106. De Mondoñedo a Cesuras e Estelo.

LU-P-3104. De Mondoñedo aos Picos.

LU-P-3101. Da LU-160 a Oirán e prolongacións aos termos municipais de Foz e Alfoz.

LU-P-2806. De Lourenzá a Oirán.

LU-P-3103 e LU-P-2805. De Lindín a Maior.

LU-P-3102. De Mondoñedo a Argomoso.

LU-P-0211 De Adelan a Figueirán

LU-P-2803 De Santo Tomé a Lindín

LU-P-3105	De Pedrido a Retorta
LU-P-3108	De Viloalle a Figueiras
LU-P-0205	De A Feria de San Antonio a Oirán
LU-P-2806	De A Cazolga a Oirán
LU-P-3104	De O Convento dos Picos a Mondoñedo
LU-P-3107	De Pedrido, por Vilamaior, a Guillade
LU-P-3109	De A Ponte do Arco a Padriñán

Resto da rede viaria.

No cuarto nivel aparecen tanto os viais que logran vincular a totalidade das parroquias do termo municipal coma os que posibilitan a accesibilidade a todos os núcleos.

Algún destes viais son froito da concentración parcelaria, cunha plataforma de tamaño adecuado pero sen definir calzada. Noutros casos a sección é insuficiente e convirá adecuala a súa función de enlace interno.

A calidade desta rede viaria menor é, en calquera caso, desigual, procedéndose a mellorar firmes en puntos dispersos, sendo algunha das actuación proxectadas con cargo aos plans provinciais.

Un itinerario importante de comunicación peonil, cultural e turístico constitúeo o treito de Ruta de Peregrinación a Santiago, Camiño do Norte que atravesa o termo municipal, pendente de delimitación e deslinde conforme ao establecido na Lei 3/96 de Protección dos Camiños de Santiago.

2.3.5. Servizos urbanísticos

O grao de desenvolvemento acadado polas infraestruturas de servizos no territorio municipal, fóra da cidade de Mondoñedo, está de acordo co carácter eminentemente rural do mesmo, e que ademais sofre unha regresión censual.

A continuación descríbense cada unha das infraestruturas a nivel territorial.

Infraestruturas hidráulicas.

Estas infraestruturas son as que comportan unha maior incidencia territorial.

Hai que facer mención á importante cobertura que acadan tanto as redes de abastecemento como as de saneamento, a pesar do carácter eminentemente rural que ten o municipio fóra da Cidade e o seu contorno inmediato.

No cadro seguinte reflíctese o estado das infraestruturas hidráulicas para cada núcleo rural, algúns deles servidos por redes de carácter autónomo con base en pequenos depósitos para o abastecemento de auga e remate en fosas autónomas para a rede de saneamento. Indicar que esta información devén da Enquisa de Equipamento e Infraestruturación Local da Deputación Provincial de Lugo.

CADRO Nº 11. RELACIÓN DO ESTADO INFRAESTRUTURAL DOS NÚCLEOS DE MONDOÑEDO

	SITUACIÓN	Abastecemento	Saneamento
Parroquia de Argomoso	O BARRAL	Non	Parcial
	A CUBA	Non	Non
	O ESCOURIDO	Non	Non
	PARDIÑAS	Non	Non
	SUPENA	Parcial	Non
	AS PRAZAS	Non	Non
	CARBALLO	Non	Non
Parroquia de A Couboeira	A CAMPA	Si	Si A
	O CAMPO DO ARCO	Si	Si A
	A FRANCA	Parcial	Non
	OS LAMEGOS	Si	Non
	O SOUTO	Si	Non
	BROZO	Parcial	Non
	O COTO	Si	Si A
	FOLLENTES	Si	Si A

	SITUACIÓN	Abastecemento	Saneamento
Parroquia de Figueiras	A ALDEA	Non	Si A
	O ROMEO	Non	Si A
	SAN MARTIÑO	Si	Non
	CARBOEIRO	Non	Non
	CONTADA	Non	Non
Parroquia de Lindín	BARRAL DE CIMA - CAXIGO	Si	Si A
	O CASTRO	Si	Si A
	RÚA TRAVESA	Si	Non
	BEIRA DO RÍO	Si	Non
	FOLGUEIROSA	Non	Non
Parroquia de Masma	O ARCO	Si	Non
	MARQUIDE	Si	Non
	O OUTEIRO	Si	Si A
	PADRIÑAN	Parcial	Non
	SANTO ANDRÉ	Si	Si A
	A SEARA - RETORTA	Si	Si A
	O VILAR	Si	Non
	O LODEIRO	Si	Non
Parroquia de Santa María Maior	A BRAÑA	Si	Si A
	A CRUZ DA CARREIRA	Si	Si A
	CURROS-CASTRO	Si	Si A
	FERREIRA	Parcial	Si A
	FERRERÍA	Si	Si A
	O FONDO DA VILA	Si	Non
	O MOURAL - REGO CAVADO	Si	Si A
	O SOUTO	Si	Si A
	SOUTOXUANE	Si	Si A
	BIDUEIRAS	Non	Si A
Parroquia de Os Remedios	CESURAS	Parcial	Si A
	AS CORUXEIRAS	Si	Si
	ESTELO	Parcial	Si A
	O FORMIGUEIRO	Parcial	Si
	PELOURÍN	Si	Si A
	PRADO	Non	Non
	PUMARIÑO	Si	Si
	A RECADIEIRA	Si	Si A
	REGO DOS CAS	Si	Si
	SANTA MARGARIDA	Non	Si A
	SEIVANE	Si	Non
	TRONCEDA	Non	Si A
	O VALIÑO	Parcial	Si A
	ZOÑÁN	Parcial	Si A
SAN CRISTOVO	Parcial	Non	

	SITUACIÓN	Abastecemento	Saneamento
	CUCOS-RÚA	Si	Si
Parroquia de O Carme	AS ABIDUEIRAS	Parcial	Non
	O CARME	Si	Si
	MONFADAL	Si	Si A
	RAMÍS	Parcial	Non
	SAN CARLOS	Parcial	Si A
	A VALORIA	Si	Non
	A FONTE	Si	Non
	MONTE DE ARCA	Non	Non
Parroquia de San Vicente de Tigrás	A ALDEA-O COMBARRO-SAN VICENTE	Si	Si
	O PEDROSO	Si	Si
	A VALIÑA	Non	Si
Parroquia de Santiago de Mondoñedo	BARBEITAS	Si	Si A
	MAARIZ-COUZADA	Parcial	Non
	PAADÍN	Si	Non
	PAUSALIDO	Si	Non
	PEDRIDO	Si	Si A
	O REGUENGO	Si	Si A
	SAN PEDRO	Si	Non
	SAN PAIO	Si	Si A
	VALIÑADARES	Si	Si A
	VIGO	Parcial	Non
	O VILAR	Si	Non
	ACEVEDO	Si	Non
	Parroquia de Oirán	O BURGO	Si
CENTEAS		Si	Si A
XERCIDO		Si	Non
ALLARES		Si	Non
CASA DO PORTUGUÉS		Non	Non
CASAVELLA		Si	Si A
LANDEIRA		Si	Non
LOUREIRO (O)		Si	Non
Parroquia de Sasdónigas	CHAO DA ALDEA – PE DO MONTE	Non	Si
	LOUSADA	Non	Parcial
	SUAIGREXA	Non	Si
Parroquia de Viloballe	A CABANA	Si	Si A
	O CASAL – PENAMOURA	Si	Si A
	A FERRERÍA	Si	Non
	A IGREXA	Si	Si A
	O VILAR	Si	Si A
	CASABRANCA	Si	Non
Parroquia de Villamor	A CALVELA	Si	Non
	ENCIMA DA VILA	Si	Si A

	SITUACIÓN	Abastecemento	Saneamento
	O CHAO DO VAL	Si	Si A
	O GROBE	Si	Si
	GUILLADE	Si	Si A
	VILAVERDE	Si	Si A
	LAMELAS	Si	Non

Si A: Saneamento autónomo

Saneamento

A rede de saneamento está menos estendida aínda que a maioría dos asentamentos contan con sistemas de saneamento autónomo que rematan en fosas, segundo a información da Enquisa de Infraestrutura e Equipamento local realizado pola Deputación Provincial. Dada a escasa poboación dos núcleos que resolven o saneamento de modo autónomo (inferior a 50 habitantes agás en nove deles) esta solución é adecuada, aínda que debe pularse pola implantación dalgún tipo de EDAR para os maiores de 25 habitantes.

A Cidade e os núcleos de contorno, que contan cunha poboación de 3.000 habitantes e unha área empresarial de 8,6 Ha, contan cunha EDAR deseñada para 5.000 habitantes equivalentes, co que a capacidade é suficiente para a poboación á que serve.

Trátase dunha depuradora biolóxica de fangos activados de media carga.

Servindo a outros núcleos existen outras tres pequenas EDAR de 137 habitantes equivalentes, 30 habitantes equivalentes e 70 habitantes equivalentes que tratan os residuos de Sasdónigas, Barral e O Grobe, todas elas con folgura superior ao 30%.

Abastecemento de auga

Tal e como se reflicte no plano de Información, existen os depósitos e captacións indicados a continuación.

CADRO Nº 12. RELACIÓN DOS DEPÓSITOS TERRITORIAIS

NOME EN PLANO	DESCRIPCIÓN	CAPACIDADE m ³
ST-02	Depósitos Cidade de Mondoñedo	1.000
		90
ST-03	01 Depósito Oirán	150
	02 Depósito Couboeira	25
	03 Depósito Loubeira (Couboeira)	40
	04 Depósito Brana (Oural)	75
	05 Depósito Maior (Sta. M ^a Maior)	250
	06 Depósito Maariz (Santiago)	26
	07 Depósito Monfadal (O Carne)	20
	08 Depósito Valiñadares (Santiago)	490
	09 Depósito Lindín (Lindín)	123
	10 Depósito Oural (Sta. M ^a Maior)	90
	11 Depósito San Martiño (Figueiras)	35
	12 Depósito S. Carlos (Santiago)	26
	13 Depósito Vigo (Santiago)	250
	14 Depósito Reganada (Vilamor)	45
TOTAL		2.735

Fte.: EIEL 2009 Deputación Provincial de Lugo

A capacidade total dos depósitos é de 2.735 m³. A Cidade sérvese desde os dous depósitos situados ao sur que contan cunha capacidade de 1.100 m³ co que amosa unha folgura superior ao 80% con respecto á poboación que serve.

A rede de abastecemento está distribuída en tres zonas básicas. A norte que abastece parcialmente a A Couboeira e Oirán e conta con tres depósitos (140 m³ de capacidade); a zona centro, que inclúe á Cidade, conta con oito depósitos (1.987). A zona sur subdivídese en tres ramais: unha que serve a S. Vicente – O Combarro – A Aldea, outra que serve a Lindín e Sta. María Maior e o último aos núcleos de A Braña e Ferreira.

Outras infraestruturas.Rede de gas.

Polo Termo Municipal de Mondoñedo discorren dous ramais do gasoducto para o transporte e distribución de gas natural na zona occidental do Principado de Asturias e na Comunidade Autónoma de Galicia.

En maio de 1991 encárgase a INTECSA que elabore o proxecto de detalle correspondente ao gasoducto que permita desenvolver o acordo establecido no seu día entre a Xunta de Galicia e o Instituto Nacional de Hidrocarburos.

O trazado do citado gasoducto de transporte inicia o percorrido polo termo municipal de Mondoñedo no descenso e con dirección ao oeste; bordea polo sur o núcleo de Villaverde, cruza o Val do río Masma e aproxímase á estrada de Pedrido a Retorta sen chegar a cruzala. Neste punto localízase un centro de válvulas de seccionamento de liña e a derivación para o ramal de San Ciprián.

Sae do citado punto en dirección noroeste e tras cruzar a estrada de Pedrido e Retorta diríxese á N-634. Oriéntase ao oeste e cruza a estrada para situarse na súa marxe esquerda en dirección a Vilalba. Cruza o río Valiñadares e o río Cesuras ata Pacios onde volve a cruzar a variante á N-634 en viaducto.

Despois xira ao norte alcanzando Pacios de Arriba, e logo en dirección oeste ascende por liña de máxima pendente ata alcanzar o alto de Coto do Pico e posteriormente o de Coto, Pilar de Pedra, abandonando o termo municipal por Sasdónigas.

A lonxitude do trazado neste municipio é de 11.816 m.

Rede de electricidade.

O territorio municipal de Mondoñedo é un espazo de paso de importantes liñas de alta tensión de distribución que teñen a súa confluencia na subestación de Mondoñedo. Os trazados se fan sen ningún criterio de ordenación territorial dada a ausencia de corredores eléctricos, determinando importantes servidumes tanto legais como funcionais.

2.3.6. Estrutura da propiedade e usos do solo

A estrutura e forma de parcelación no termo municipal tense que describir a luz tanto das singulares características xeográficas do seu territorio, cunha clara diferenciación entre o monte e o val, como da súa relativa racionalización, introducida polos procesos de concentración parcelaria realizada e en fase avanzada de realización, concibida non só como ámbito de reparcelación do labradío e do prado, senón incorporando ao proceso o monte, cun relativo respecto aos ámbitos do casarío das aldeas e lugares.

A concentración parcelaria substitúe a estrutura e forma das agras de labradío tradicionais por unha malla xeometrizada. A relación das concentracións parcelarias é a seguinte:

Argomoso. Acordo recursos. 11.08.92.

O Carme. Terminada. 10.03.70.

Cesuras-Rego de Cas. Solicitada.

Mondoñedo-Zona Norte. Bases provisionais.

Lindín. Acordo recursos. 27.07.92.

Maior. Acordo recursos 22.11.93.

Oirán. Solicitada.

Sasdónigas. Bases definitivas. Aprobación do Acordo. 08.01.09.

San Vicente. Solicitada.


Viloalle. Paralizada.

Os montes veciñais clasificados en man común ocupan unha extensión de 3.683 Ha, o que representa o 25% da superficie municipal. A continuación relaciónanse ditos montes, indicando nome, superficie en hectáreas e pertenza.

CADRO Nº 13. RELACIÓN DE MONTES VECIÑAIS CLASIFICADOS EN MAN COMÚN

NOME	SUPERFICIE	PERTENZA
Toxiza, Braña, Pena do Boi e Pombeiro	1.069	Parroquia de Figueiras
Paleira, Abeledo e Campas, Foro e Costa Vella	456	Parroquia de Couboeira
De Viloalle	538	Parroquia de Viloalle
Carracedo, Río Seco e Chao da Louxeira	245	Parroquia de Maior
Estelo, Braña e Toxiza	1.348	Lugares de Estelo e Trouceda

No que atinxe aos usos do solo, estes reflíctense nos planos de Información Urbanística correspondentes, así como nos apartados específicos da presente Memoria.



PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DE MONDOÑEDO. (LUGO)

INVENTARIO FORESTAL



OFICINA DE PLANEAMENTO S.A.

2.3.7. Valoración do medio natural e do patrimonio cultural

Patrimonio natural e paisaxístico.

A singularidade e riqueza de matices do medio natural do Termo Municipal de Mondoñedo é un dos principais recursos a ter en conta á hora de establecer estratexias de recuperación económica e social.

A transición da montaña ao val condicionada pola presenza do Xistral e o Masma, a influencia do Cantábrico, a singular imbricación entre os asentamentos poboacionais e o medio, son elementos que fan del un recurso irrepitible e diferencial.

É desde esta posición que a paisaxe interesa como feito cultural -cultura do territorio-, como campo de contraste -paisaxe natural versus paisaxe artificial- e polo tanto como elemento merecedor de valoración e protección nas súas diferentes vertentes.

Non obstante tres cuestións veñen a supoñer un perigo de alteracións negativas na compoñente paisaxística e do medio natural; en primeiro lugar o retroceso demográfico e os trocos no sistema de asentamentos co que isto supón de avance da superficie agraria abandonada, en segundo lugar a alteración e retroceso das formacións forestais autóctonas que quedan reducidas a bosques illados de carballos e castiñeiros, e a introdución e avance de especies alóctonas, principalmente o eucalipto, demandadas polas instalacións de celulosas existentes en Navia, e, por último, en terceiro lugar a alteración da estrutura e a paisaxe agraria a través das concentracións parcelarias que, no caso de Mondoñedo, non só afectaron os labradíos e o val senón que abarcaron á totalidade de montes parroquiais, producindo unha simplificación da estrutura e textura da paisaxe.

Presentadas así as cuestións, a valoración do medio natural e a paisaxe debe partir do recoñecemento e protección daqueles ámbitos singulares e que se refiren tanto o espazo de monte, coas súas eflorescencias rochosas, ao val e o sistema hídrico, como os restos, aínda abundantes, do bosque climático atlántico.

A continuación relaciónanse os espazos naturais máis sobresaíntes:

ESPAZOS INCLUÍDOS NA REDE NATURA

- . Serra do Xistral.
- . Río Masma.

ESPAZOS NATURAIS DE SINGULAR INTERESE

- . Sistema Valiñadares-Covas do Rei Cintolo.
- . Fraga Vella.

ESPAZOS PAISAXÍSTICOS SOBRESAÍNTES

- . O Pombeiro.
- . O Padornelo.
- . Serra da Toxiza.
- . Pena do Boi.
- . Pena da Rocha.

ESPAZOS DE INTERESE FORESTAL

Comprende as masas de caducifolia situadas en:

- . Val de Tronceda.
- . San Carlos.
- . O Ribón.
- . Escairo
- . Caxigo.
- . Angüin.
- . Santa Margarida-Campiceiro.
- . Os Cregos.
- . Maior.
- . Val de Baus.
- . Río Seco.
- . Sasdónigas.

ÁREAS DE VAL

Inclúe o curso dos seguintes ríos:

- . Oirán.
- . Verdal.
- . Couboeira.
- . Figueiras.
- . Cesures.
- . Baus.

Patrimonio cultural.

Ao igual que no medio natural, o excelente patrimonio histórico artístico constitúe un recurso susceptible de maior utilización e rendibilización.

O patrimonio cultural vén caracterizado polas pegadas da historia no territorio municipal. O feito de ser a cidade unha das sete antigas capitais de provincia do Reino de Galicia, e sé episcopal, fai do seu casco histórico un dos máis senlleiros e mellor conservados de Galicia, pese á crise demográfica que padece.

Xunto a ilo a Ruta de Peregrinación da Costa do Camiño Norte a Santiago introduce toda a riqueza do patrimonio asociado a este itinerario xacobeo, sendo rematada a incoación do seu expediente de delimitación e deslinde conforme ao establecido na Lei 3/96 de 10 de maio de Protección dos Camiños de Santiago (2014).

Desde o punto de vista da valoración do patrimonio cultural debemos diferenciar aquel que ten a consideración de Ben de Interese Cultural, conforme á lexislación do patrimonio, daqueles que ou ben presentan singularidades arquitectónicas ou son exemplos dos valores etnográficos locais. O patrimonio arqueolóxico completa o inventario.

Para a súa relación en detalle, utilízase o inventario das Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Municipal, os inventarios oficiais da Consellería de Cultura, o do vixente Plan Xeral Municipal e, iso complementado cun recoñecemento de campo e a información facilitada polos servizos técnicos municipais.

2.4. ESTRUCTURA URBANA

2.4.1. A Cidade de Mondoñedo. Caracterización física e urbanística

A Cidade de Mondoñedo non só representa un importante centro de servizos no seu contorno comarcal senón que é un dos máis senlleiros conxuntos histórico-artísticos de Galicia, declarado Ben de Interese Cultural mediante Decreto 91/1985, de 2 de maio da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

Capital dunha das sete antigas provincias que conformaban o Reino de Galicia, ten a súa orixe no traslado, a principios de século XII, da sé Episcopal ao núcleo de poboación de orixe: Vilamaior, que herdou tamén o nome de Mondoñedo.

En 1117, Alfonso VII, interesado en repoboar os seus territorios, outórgalle a categoría de cidade e concédelle o Foro de León. As funcións administrativas amplíanse co privilexio de celebrar unha feira ao ano e un mercado á semana. En torno a 1210 comeza a construírse a Catedral, e a partir dela resulta unha disposición radio concéntrica da cidade.

As rúas, dispostas en sentido radial, veñen a atoparse na praza da Catedral e a muralla cingue o conxunto urbano. O crecemento que se insinúa no século XIV oriéntase especialmente cara o río por medio da conversión en rúas da que ata entón eran camiños.

Desde comezos do século XVI pasa a ser capital de provincia. Entre finais do século XVI e a primeira metade do s. XVIII, a poboación medra notablemente. A partires do 1830 prodúcese un estancamento debido á falta de dinamismo económico, que deriva do descenso da demanda da poboación rural circundante e da forte compoñente rendista da cidade. En 1834 Mondoñedo quedou privada da súa capitalidade, pasando formalmente as súas funcións administrativas a un segundo plano e cobrando máis relevancia o papel de cidade “levítica” vencellada ao episcopado. A súa importancia na época deriva da condición de sé do Bispado e do Seminario, o primeiro de Galicia, centro de estudo de xoves procedentes de diversos puntos, e como centro do mercado gandeiro.

Nas últimas décadas o declive da vida do Seminario afectou notablemente á cidade.

Na súa estrutura urbana distínguense tres zonas fisicamente diferenciadas: O Centro Histórico, o barrio de Os Muíños e o barrio de San Lázaro.

O Centro Histórico estrutúrase a partires do antigo recinto murado e o seu contorno extramuros máis inmediato, cunha extensión de 23,45 Ha.

Na actualidade segue sendo o foco da vida urbana, mantendo o seu nivel de representatividade dos edificios e espazos públicos, concentrando o comercio e aloxando poboación residente.

O barrio histórico dos Muíños atópase situado ao sudoeste da cidade de Mondoñedo, ás beiras do río Valiñadares, desde o que se derivaron dúas canles paralelas ao leste, para situar os muíños que lle dan nome. A súa conexión co Centro Histórico prodúcese pola rúa de San Roque e co oeste da cidade pola Avda. de Buenos Aires. Ambas rúas están relacionadas a través da Avda. Bispo Fernández, que corta o barrio por Muíños de Arriba. É de destacar o linde natural de elevacións e forte vexetación doutro lado da rúa de San Roque, así como a singularísima presenza urbana dos cursos de auga e das canles muiñeiras.

O barrio de San Lázaro atópase situado ao noroeste da cidade. Está algo arredado do Centro Histórico e desenvólvese sobre o vello camiño real identificado como parte da Ruta da Costa do Camiño de Santiago, hoxe estrada local a Viveiro (Avda. de San Lázaro), a súa identidade e o seu topónimo deriva da presenza do antigo Lazareto. Este é un barrio camiñeiro vinculado á estrada e á ponte sobre o Valiñadares, que presenta unha estrutura lineal, a penas desdobrada parcialmente nun segundo camiño de carácter peonil. As hortas insírense na paisaxe agraria e natural, na que están presentes a vexetación e os ríos Cesuras e Valiñadares así como unha canle que corre paralela a un vello acueducto.

En diferente medida os tres conxuntos presentan a maior parte dos males que afectan habitualmente aos cascos históricos: certa degradación do casarío e dos espazos públicos, avellentamento da poboación e baleiramento residencial.

O resto da cidade actual, corresponde a crecementos máis recentes xurdidos como desenvolvementos lineais ao longo das estradas radiais, e dentro do ámbito do núcleo urbano definido polo Plan Xeral de 1978.

2.4.2. Características socioeconómicas da poboación

Na actualidade, a Cidade de Mondoñedo segue sendo o foco da vida urbana, mantendo o seu nivel de representatividade, actividade comercial e espazo de residencia. Non obstante, presenta a maior parte dos males que afectan a moitos centros históricos: certa degradación do casarío e os espazos públicos, envellecemento da poboación residente e baleirado residencial.

O seu centro histórico acolle á práctica totalidade das edificacións construídas antes do presente século, e aproximadamente ás 3/4 partes do total do casarío existente cara o primeiro tercio do século. A diferenza doutros centros históricos, o de Mondoñedo viu diminuída a velocidade da súa degradación, por unha banda pola escasa dinámica evolutiva da poboación e polo tanto baixa tensión económica sobre a zona, e por outra polo reducido índice de terciarización con pouca presión sobre a área central.

En canto á poboación, obsérvase un estancamento xeneralizado, parello coa crise demográfica municipal, presentando unha pirámide poboacional de claro envellecemento que non obstante presenta matices entre o antigo recinto amurallado e o ámbito extramuros, onde neste último danse as meirandes porcentaxes de poboación maior de 64 anos, o 30,08%, fronte ao 23,17% do recinto amurallado.

Estas características da idade da poboación teñen tamén o seu reflexo na taxa de actividade económica. Así o 70% da poboación é inactiva (parada ou xubilada).

Tanto o Casco Histórico como os Barrios de Os Muíños e San Lázaro teñen sido declarados Área de Rehabilitación Integrada. Este recoñecemento administrativo permitiu o desenvolvemento de accións específicas con financiamento público singular, para conseguir a rehabilitación integral do conxunto.

2.4.3. Infraestruturas e servizos urbanísticos

A Cidade de Mondoñedo presenta servizos urbanísticos en boas condicións que percorren a totalidade do tecido urbano.

. Abastecemento de auga.

A Cidade de Mondoñedo recibe auga dos depósitos de Prado. O máis antigo, data de 1928 e sitúase nas proximidades da Igrexa dos Remedios. Recibe auga do manancial situado ladeira arriba ao sur, cara a Pena de Rocha. Desde a captación lévase auga por unha condución de fundición de diámetro 150 colocada na mesma época.

Posteriormente no ano 1960 dúplícase esta condución colocándose unha canalización de fibrocemento do mesmo diámetro e construíndose un novo depósito máis cerca do punto de captación.

Unha terceira canalización execútase máis tarde para servir os núcleos de Pelourín e Valiño, pechando un anel por diante do matadoiro no barrio de San Lázaro.

Desde o depósito vello parte a rede da cidade que percorre a totalidade do viario miúdo.

No conxunto histórico as tubarias son de ferro ou fundición, e nas máis recentes da periferia de fibrocemento e polietileno. As novas obras intentan pechar aneis menores para ir garantindo o subministro a todas as partes da cidade. Tal é o caso do pechado arredor do complexo deportivo piscinas, campo de fútbol.

Os diámetros oscilan entre a polgada e cuarta das canalización de ferro ata os 80 e 90 mm das de polietileno da Avenida Buenos Aires.

. Saneamento.

O sistema de recollida de augas da Cidade é de tipo unitario. Como única excepción sinalar o rebosadeiro do depósito vello que ten un trazado separativo e acaba usándose para o regadío dos campos situados a carón da Igrexa dos Remedios.

O colector xeral de recollida, de formigón de diámetro 80, parte do barrio dos Muíños, discorrendo a carón do río Valiñadares ata chegar á depuradora que se atopa augas abaixo, na Recadiera, máis aló do barrio de San Lázaro. A este colector entroncan varios ramais que recollen as augas negras e pluviais da cidade na súa totalidade. No

primeiro pozo entronca a rede do barrio de Pasatempo. Augas abaixo entroncan os ramais de Avenida Buenos Aires, o da rúa da Imprenta, o da rúa das Piscinas, o do barrio de San Lázaro e o procedente desde o matadoiro. Polo sur un colector transporta as augas negras desde o miradoiro situado na estrada N-634.

En canto a materiais da rede é significativa a presenza de albañal de pedra nas canalizacións do conxunto histórico, completada con treitos de fibrocemento e formigón cara á periferia.

Todo o percorrido do colector xeral remata na estación depuradora, preparada para soportar unha carga hidráulica máxima de 40 m³/ml/h.

A planta de tratamento de augas é de filtros biolóxicos con fungos activados de pequena carga, co que se consegue unha depuración aeróbica a base dun sucesivo desbaste dos efluentes polo sistema de decantación.

A colocación da planta de tratamento obrigou á execución dun bombeo situado na antiga planta de tratamento en San Lázaro, que é utilizado para o primeiro desbaste dos residuos. O bombeo funciona mediante 3 bombas (1 de reserva) cunha capacidade para un caudal de 52 m³/h.

A auga depurada unha vez finalizado o proceso de desinfección vértese no río Valiñadares.

2.4.4. Patrimonio Cultural

Bens de Interese Cultural.

- . Catedral da Nosa Señora dos Remedios. Declarada BIC 23.5.1902.

Construída en 1219-1248. É unha obra de acusada unidade.

Templo medieval gótico de tipoloxía cisterciense dos primeiros tempos: Planta de cruz latina con tres naves, a maior máis alta, cabeceira circular e diversas capelas e cos arcobotantes sobre as naves laterais (desaparecidos no XVI).

Reformas e aditamentos posteriores que modificaron moito a fábrica primitiva:

Século XVI: Baixo mandato do bispo Diego de Soto: Resgado da porta principal e supresión da escaleira interior; sala capitular; apertura da xirola de planta cadrada nunha ábsida circular, destruindo as ábsidas menores; levantamento dos muros das naves laterais.

Século XVII: Claustro. Año 1636-1640. Arquitecto Diego Ibáñez Pacheco. Fixo desaparecer capelas e probablemente un anterior patio gótico.

Século XVIII: A gran fachada e revestimento exterior e ampliacións de dous treitos, un a cada lado do cruceiro. Obra dirixida por Frei Agustín de Sobrado.

Século XX: 1910: Enfusado dos muros de cachotería interiores que agora imitan a pedra labrada. Retirada de retablos e substitución por outros de madeira vernizada neogóticos. 1963: Vólvese deixar a mampostería á vista, retíranse o coro da nave central, os enreixados do coro e Capela Maior, púlpitos, retablo do trascoro cos cadros flamengos, a totalidade de retablos das naves e na segunda fase rotura do adro da igrexa rompendo e retirando o balaústre que o pechaba para ampliación da praza.

A fachada principal é unha simbiose de gótico e barroco: Tres oxivas (que se corresponden coas tres naves interiores) quedan enmarcadas por dúas torres barrocas de tres corpos. Das tres oxivas salientase a central, máis ancha, que alberga a portada principal de tres sinxelas arquivoltas sostidas por tres columnas estilizadas con capiteis labrados. O tímpano liso foi decorado ao fresco no XVIII. Sobre a portada o rosetón.

As oxivas laterais teñen unhas fiestras de ornamento barroco en cima das que se labraron os relevos de San Lourenzo e de San Xerome (parece que por influencia do bispo Frei Xoán Muñoz e Salcedo, sevillano, prior do Mosteiro do Escorial que era, a súa vez, un monxe xerónimo).

O coroamento da fachada é barroco. Os dous corpos superiores das torres cos seus balaústres de bolas que corren a cornixa ata o frontis central que ten un altorrelevo da Asunción (a quen está abdicada a igrexa) e no pinche a San Rosendo.

Na Catedral e no seu museo hai diversas obras de interese: retablos, órganos, relicarios, vidreiras, a caixonería da sancristía, pinturas, tallas... amén de importante arquivo musical e biblioteca. Son moi salientables as pinturas góticas murais, hoxe baixo os órganos e antes situadas nos muros exteriores do coro. En 1963 foron restauradas e levadas ao actual emprazamento. Son dos últimos anos do XV e están mutiladas. No muro dereito alusivas á degolación dos inocentes. A masacre dos soldados tocados de cota de malla e espadas e unha figuración borrosa da sagrada familia. No muro esquerdo catro recadros representan a liberación de San Pedro do cárcere, a entrega ao mesmo das chaves por parte de Cristo, San Pedro resucitando a un morto e a crucifixión do santo.

. Conxunto Histórico Casco Antigo de Mondoñedo. Declarado BIC 2.5.1985.

Sobre un núcleo de poboación -Vilamaior de Brea- sé episcopal desde 1117, Afonso VII concedeu o foro de León e ademais, o privilexio de celebrar unha feira anual.

A Cidade organízase radialmente a partires da Catedral. A muralla cingue o conxunto nun círculo (forma máis compacta e máis defendible especialmente nun val). O carácter defensivo refórzase con algunha construción de tipo militar ou semellante.

A muralla e as portas regulamentan tamén o fluxo comercial: control e fiscalización das mercadorías.

A estrutura viaria ven determinada polo punto de converxencia das principais rotas: Camiños de Cesuras, Lindín, Vilaoselle e Vilanova de Lourenzá. Estas cinco rúas non bastaron para dar cabida a unha poboación puxante, o que explica a aparición progresiva de sete rúas mais no exterior do recinto.

Destácanse os seguintes lugares públicos:

Igrexa de Santa María, sé episcopal e parroquia. A fábrica da catedral actual, que centra o plano da Cidade, data das décadas próximas a 1230, cando a sé senta definitivamente en Mondoñedo.

O mercado facíase ao aire libre diante da igrexa. Xa en 1434 noméase a alfóndega, de propiedade municipal.

O Hospital, casa de hóspedes para viaxeiros ou necesitados.

A malatería erixiuse extra muros.

A estrutura definitiva do concello arrinca de 1491.

A parroquia de Santiago tiña para 1587, 444 veciños (uns dous mil habitantes) e deles vivían no casco urbano 250 (uns mil cen).

Pese a ser daquelas cabeza de provincia e bispado, era das máis pequenas de Galicia (entre finais do XVI e metade do XVIII os habitantes de Cidade e parroquia se duplican: os 444 veciños da Cidade e arrabaldes de 1587 pasaron a 1.098 en 1752 e os 250 do núcleo eran 598 a metade do XVIII).

Desde 1830 a Cidade sofre un estancamento pola falta de dinamismo económico, o descenso de demanda da xente do rural e o forte compoñente da poboación que vive de rendas.

Mondoñedo queda privada da capitalidade en 1834. Pasa a un discreto segundo plano ao perder relevo no terreo civil. A súa importancia desde entón é polo bispado e por ter un seminario xustamente afamado que foi o primeiro de Galicia.

Despois do incendio na metade do XVI facíase preciso romper a muralla e déronse algúns permisos de edificación preto da cerca, usada a modo de balcón o solaina. En 1712 pídese licencia para construír o Convento da Concepción, o que fixo preciso o derrubo da Porta de Batitales.

En 1834 foi demolido o arco da Porta das Angustias.

Desaparecida a muralla o núcleo urbano enlázase con núcleos extra muros. Entre estes sobresa e o barrio dos Muíños onde adquirirá importancia a capela de San Roque.

Materializa o conxunto un rico tecido no que coexisten as edificacións de carácter monumental cun casarío de invariantes tipolóxicas de interese e que morfoloxicamente distínguense polos trazos seguintes:

Fachadas sobrias, lisas e sen ornamentos. Poden ter recercos de pedra de cantería en laterais e impostas.

Cubertas de lousa, a dúas augas.

Proporción vertical nos vans, con ventás balcón nas plantas altas.

Pináculos sobre o aleiro.

Como edificios singulares e de carácter monumental destacan os seguintes:

. Pazo Episcopal:

Á catedral pegouse o Pazo Episcopal en tempos do bispo Carlos Riomol e Quiroga (1753-1764) ex novo (no XVI sufrira un incendio atroz e houbo reparacións diversas en tempos de Guevara, de Muñoz Salceda e de Sarmiento). Brasón con sombreiro de bispo e un orlado imponente e de moi boa labra. Logo sufriu restauracións, en particular as que Cuadrillero e Mota encargou ao mestre Luís Canoura entre 1788 e 1790. Este bispo tamén mandou deixar o seu escudo na fachada lateral que da á Fonte Vella. Xa no XX, racharon as fiestras da fachada, con enreixados de ferro forxado, para facer balcóns e supresión da balconada de ferro que asomaba sobre a portada principal.

. Consistorio Vello:

Había necesidade de casa para as sesións do concello e afondega de pan. Así que o 15 de Marzo de 1563 tomouse a decisión de fabricar un edificio a tal fin. Xustiza e Rexemento mercan en 1567 a Pedro Fernández de Miranda dúas casas nun dos extremos da praza da catedral. No seu solar constrúe Pedro de Artiaga o vello consistorio.

Na fachada do edificio que mira á catedral sobresa o imponente balcón voado que corre todo o lenzo. De ferro forxado do século XVIII. As fiestras do baixo están molduradas e no principal un escudo labrado. O cornixamento sobresa da liña de fachada cos pináculos correndo as dúas fachadas. Na fachada principal destácase

a portada, aberta en lintel e flanqueada por dúas columnas. Fornela coa imaxe de San Roque e enriba da porta da antiga sala de sesións unha inscrición de 1584.

Seminario:

A Xustiza e Rexemento de Mondoñedo en 1565 acordan solicitar do Concilio Provincial a creación dun seminario. Fúndase entre 1569 e 1572, o que o converte nun dos tres primeiros que se fixeron en España.

Primeiro estivo en dúas casas da rúa que se chamou Colexio. Pese ás reformas, o edificio manifestouse insuficiente e para o XVIII decídese a feitura dun edificio novo. Comezan as obras en 1770 ata 1775. Un edificio de baixo e principal, obra do mestre Ignacio Estévez, mestre de obras de San Xurxo de Sacos.

En 1775 o bispo solicita do rei que a biblioteca pública sexa aloxada no Seminario. Adquiriu brillantez da man do novo edificio e das Constitucións de 1772. Con Carlos III queda incorporado á Universidade de Compostela en 1780. Por moito tempo foi o único centro de Ensino Superior da Provincia.

Viviu o edificio diversas reformas:

- Sobre mandato de Cos e Macho, engadir unha planta mais. Os traballos segundo plano de Nemesio Cobreros comezaron en 1888.
- Outra ampliación en 1910 a iniciativa do bispo Solís: levantar un pavillón destinado a comedor e cociña, obra derrubada. Ampliacións de 1947-1957 (que duplicaron a capacidade do Seminario), iniciadas polo bispo Quiroga Palacios e rematadas por Vega Mestre e que dan ao seminario a súa imaxe actual.

Edificio de planta rectangular organizado arredor de dous claustros co engadido dun pavillón central formando unha planta en T.

A fachada principal, feita en lousa do país, deixa ver as reformas.

Da obra orixinal dúas torres sinalan os extremos da fachada. Unha rúa central de cantería marca a portada, con balcóns voados nos dous pisos e un frontón que coroa a modo de acrótera coa imaxe de Santa Catarina (patroa do Real Seminario Conciliar de Santa Catarina), e tres pináculos a cada lado na liña da cornixa.

Xoia é a súa Biblioteca de máis de 17.000 volumes e con obras valiosas.

. Hospital de San Pablo e San Lázaro:

Mediado o século XVIII os dous hospitais que viñan funcionando na cidade (malataría do barrio de San Lázaro e o albergue, no frontal da praza co río Sixto e a rúa da Rigueira pola parte de atrás), unífanse nun só a iniciativa do bispo Sarmiento. Así nace o actual San Pablo e San Lázaro no Campo dos Remedios. Dotado con 16 camas é obrigado a recibir peregrinos. As obras comezan no 1750 e rematan en 1755.

De planta cuadrangular organizada arredor dun patio central. Feita en lousa do país a fachada principal e o resto (que é obra moderna) en revoco de cal con pedra nos ocos. Nos extremos da fachada principal dúas torres de dous corpos. Unha rúa central coa porta do edificio moldurada e con orellas e os dous escudos da cidade e de Sarmiento superpostos ocupando as dúas plantas do edificio. Entre os escudos e a portada, unha cartela orlada con inscrición dando conta da feitura do hospital.

. Convento da Concepción:

A instancias do bispo Antonio de Valdés o recoñecemento de "a limpa e pura concepción de nosa señora a virxe" convértese en requisito para poder acceder a un oficio público en Mondoñedo.

María Pardo de Andrade decide fundar un convento da Concepción. No testamento de 1639 dota o convento con 15 prazas cunhas rendas que ascendían a máis de 7.000 reais.

No coto de Otero constrúese un novo edificio intramuros ao pe da porta de Batitales e comezan as obras en 1712. Os mestres de obra son Antonio Blanco e Salvador Fernández, de Mondoñedo e José de Lapine de Budián. En 1714 as monxas instálanse no novo convento. A igrexa conságrase en 1716 e correu a cargo de José Terrón.

A igrexa (rúa Leiras Pulpeiro) é dunha nave con dous treitos de bóveda de aresta sobre arcos faixóns e unha cúpula de media laranxa sobre pechinas e con lanterna. O presbiterio cobre tamén con bóveda de aresta. Retablos barrocos de interese con boas tallas.

Na fachada amplo portón moi labrado e moldurado con orellas lobuladas e a clave do lintel con motivo vexetal. Portada flanqueada por dúas semipilastras de caixón que sosteñen un entablamento con tríglifos e métopas sobre frontón circular cun oco diante cunha imaxe da concepción. Por riba, unha pedra con escudos.

A esquerda unha torre campanario de corpo prismático de base cadrada e catro ocos, cuberta cunha cúpula.

O Convento ten un claustro de planta cadrada.

Contorno do Casco Histórico.

Inscríbese neste apartado o Barrio dos Muíños e o de San Lázaro, exteriores ao ámbito de Declaración de Ben de Interese Cultural, que sen embargo presentan importantes valores arquitectónicos e de trama que os fan merecedores de significación e protección.

. Barrio dos Muíños:

O Barrio dos Muíños encóntrase radicado ao sudoeste da Cidade de Mondoñedo, a beira do río Valiñadares. Desde o río derívanse dúas canles que corren paralelas ao mesmo, onde se sitúan os muíños que dan o nome ao barrio.

A conexión coa cidade prodúcese polas rúas de San Roque e Buenos Aires. O barrio constitúe unha unidade urbanística coa Cidade de Mondoñedo, pero con características diferenciadas.

Dúas estruturas contribúen á organización do conxunto: os espazos públicos e as canles de auga. Respecto aos espazos públicos, os edificios organízanse arredor de dúas prazas: Muíños de Abaixo e Muíños de Arriba cun corredor entre ambas de carácter peonil. Por outra parte os edificios sitúanse arredor do río e das canles, cos muíños instalados en puntos tanxenciais aos mesmos ao longo do seu trazado. Nos puntos de encontro das dúas estruturas prodúcense espazos de grande riqueza acrecentada coas perspectivas ao lonxe da paisaxe circundante.

A falta de protección patrimonial trouxo consigo certas transformacións coa aparición dalgunhas obras descontextualizadas que alteran puntualmente a imaxe dun conxunto que mantén, con todo, grande coherencia.

Por iniciativa do Programa PAGUS, ten sido rehabilitado dende o 2003.

. Barrio de San Lázaro:

O Barrio de San Lázaro radica ao noroeste da Cidade de Mondoñedo.

Xurdido arredor do antigo Lazareto sobre o camiño real, é de estrutura lineal ao longo da Avda. de San Lázaro e só afonda nun segundo camiño, de carácter peonil.

As hortas insírense na paisaxe agraria, na que están presentes a vexetación, os ríos Cesuras e Valiñadares e a canle asociada a un antigo acueducto, hoxe en desuso.

Debe sinalarse (ao contrario do Centro Histórico e do Barrio dos Muíños) o alto nivel de transformación dos seus edificios, a inserción de novas construcións descontextualizadas, e as sucesivas ampliacións e engadidos ao fondo das edificacións dun xeito desordenado e de grande impacto na escena urbana.

Existen edificios de valor arquitectónico (antigo Lazareto e a Capela de San Lázaro).

O conxunto dos ríos e as súas ribeiras adoecen dun tratamento e protección paisaxístico-ambiental.

2.5. DEMOGRAFÍA, ACTIVIDADE ECONÓMICA E VIVENDA

2.5.1. A Poboación Municipal e a súa Evolución

A evolución da poboación municipal de Mondoñedo presenta un comportamento similar ao conxunto de Galicia interior e en concreto ao da provincia de Lugo, cunha perda continuada de poboación desde principios de século, que tan só se ve interrompida na década 30-40 e 70-80, de tal xeito que a de 2001 é menor que a metade da de 1900.

Este proceso, de carácter continuo, agrávase como consecuencia do fenómeno migratorio das décadas do 50, 60 e primeiros 70, e continúa acompañado por unha crise demográfica estrutural que pola vía do envellecemento da poboación impide a reposición dos efectivos.

As taxas de crecemento interanuais mostran con claridade a entidade da crise demográfica municipal.

CADRO Nº 14. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN MUNICIPAL. 1900-2001

	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991	2001
Poboación de feito	10.590	9.725	9.462	8.673	9.153	8.533	8.010	6.989	6.989	6.518	5.007
Evolución 1900=100	100	91,8	89,3	81,9	86,4	80,6	75,6	66,0	66,0	61,5	47,2
Taxa de crecemento		-0,85	-0,27	-0,81	-0,54	-0,70	-0,63	-1,35	0,00	-1,38	-2,3

Nestas condicións a perspectiva demográfica non aporta capacidade interna de recuperación, non podendo imaxinarse outra hipótese de mellora que non sexa a derivada de factores externos, de difícil caracterización no marco da regresión demográfica provincial.

2.5.2. Composición e estrutura da poboación municipal

O Termo Municipal de Mondoñedo presenta unha estrutura da poboación caracterizada polo envellecemento.

Nun país avellentado, o municipio presenta unha estrutura de idades máis envellecida non só con respecto á media galega ou provincial, senón tamén á da súa propia comarca.

A poboación menor de 16 anos representaba en 1996 tan só o 9,17% do total, mentres a poboación maior de 65 anos acadaba o 34,49%. Estes valores case que se manteñen en relación ao Padrón de 2008, así, mentres os menores de 16 anos xa son tan só o 8,28 e os maiores de 65 anos supoñen case o mesmo (34,28%).

CADRO Nº 15. POBOACIÓN POR GRUPOS DE IDADE E SEXO. 1996-2008.

	0-15 anos	16-64 anos	65 e máis anos	TOTAL	%
1996					
HOMES	240	1.448	735	2.423	46,17
MULLERES	241	1.509	1.075	2.825	53,83
TOTAL	481	2.957	1.810	5.248	100,00
%	9,17	56,35	34,49	100,00	
2008					
HOMES	175	1.344	631	2.150	46,71
MULLERES	206	1.300	947	2.453	53,29
TOTAL	381	2.644	1.578	4.603	100,00
%	8,28	57,44	34,28	100,00	

Fonte: IGE Padróns 1996 2008.

Elaboración propia.

A análise máis detallada da estrutura da poboación, ilustra a gravidade da crise demográfica, destacando o enorme peso das bandas de idade superiores os 63 anos, a crecente lonxevidade da poboación (a porcentaxe de maiores de 80 anos é superior ao de menores de 15 anos), e a progresiva inversión da estrutura na base que, coa súa forma de pirámide invertida, mostra a súa incapacidade para repoñer os efectivos, coa contracción sucesiva dos grupos de menos idade que en cada nova xeración teñen menos poboación, de tal xeito que o peso da poboación menor de 15 anos ao día de hoxe é o 24% da poboación maior de 65 anos.

A distribución da poboación por sexos responde tamén a esta estrutura de idades, con vantaxe para a poboación feminina (53,29% do total), compensándose o peso feminino nos grupos maiores de 48 anos, expresivo de máis esperanza de vida das mulleres, coa

masiva presenza da poboación masculina nos grupos de idade comprendidos entre 16 e 47 anos.

Esta análise pódese realizar a nivel parroquial, presentando lixeiros matices.

CADRO Nº 16. POBOACIÓN POR GRUPOS DE IDADES E PARROQUIAS. 2008.

	% 0-15 anos	% 16-64 anos	% 65 e máis anos
MONDOÑEDO CIDADE	8,6	59,4	32,1
ARGOMOSO	9,5	51,2	39,3
A COUBOEIRA	4,7	55,3	40
FIGUEIRAS	7,9	57,9	34,2
LINDÍN	7,9	46,4	45,7
MASMA	6,6	49	44,4
MAIOR	9,4	48,8	41,8
OS REMEDIOS	9,2	56,9	33,9
O CARME	7,6	64,1	28,2
TRIGÁS	5,7	43,4	50,9
SANTIAGO	8,8	57,1	34,1
OIRÁN	9,9	56,7	33,3
SASDÓNIGAS	14,2	54,2	31,7
VILOALLE	10,3	54,9	34,9
VILAMOR	5,6	59,3	35,1

Fonte: IGE Nomenclátor 2008.

Elaboración propia.

Da análise anterior destaca a situación das parroquias de Couboeira e Trigás, coas taxas máis baixas de xuventude e as máis altas de envellecemento, e a de Sasdónigas que é xusto o contrario, salvo na taxa de envellecemento que é lixeiramente superior á de O Carme. A Cidade móvese nuns parámetros similares aos da media municipal.

2.5.3. Nivel formativo da poboación municipal

No actual nivel de desenvolvemento económico, a formación da poboación constitúe un dos principais recursos colectivos para afrontar o futuro das nosas comunidades.

O cadro que segue móstranos os niveis de formación comparativos da poboación maior de 15 anos segundo Censos de 1991 e 2001.

CADRO Nº 17. NIVEL DE ESTUDOS DA POBOACIÓN MAIOR DE 15 ANOS. 1991 - 2001

GRUPOS IDADE	Analfabetos		Sen estudos		Primaria		Secundaria		Estudos superiores		TOTAL	
	1991	2001	1991	2001	1991	2001	1991	2001	1991	2001	1991	2001
15-24		2	14	2	96	91	552	421	23	44	688	560
25-34		1	16	1	273	47	266	408	57	134	612	591
35-44	2	1	57	2	312	168	95	311	36	67	502	549
45-54	7	1	258	13	343	309	42	177	20	32	670	532
55-64	21	4	538	39	336	437	21	69	17	25	933	574
65 e máis	134	84	938	279	336	1.198	20	64	22	40	1.450	1.665
	167	93	1.821	336	1.696	2.250	996	1.450	175	342	4.855	4.471

Fonte: IGE Censos de poboación 1991, 2001.

Elaboración propia.

Destaca o elevado número de persoas que no 1991 non remataran os seus estudos primarios, o 37,5%, superior en dez puntos á taxa galega en 1991. Na mesma data, a taxa de analfabetismo é similar á media galega, mentres que os titulados superiores son un 3,6%, case que dous puntos por baixo da media galega.

O máis salientable é a evolución do nivel de educación mentres que a porcentaxe de poboación sen rematar os estudos descende do 37,5% ata o 7,6%, tense duplicada a porcentaxe de poboación con estudos superiores.

A distribución por idades mostra que os niveis inferiores de formación se localizan entre a poboación de maior idade, de xeito que o 85% da poboación sen estudos ou analfabeta concéntrase entre os maiores de 65 anos. Xeración a xeración vai mellorando o nivel de formación, de tal xeito que nos treitos inferiores a 45 anos desaparece case o analfabetismo, diminúe a poboación sen estudos, tan só o 4,27% do total, e aumenta moi significativamente a poboación con estudos secundarios, o 78,6% do total, o que refire á implantación de ensinanza obrigatoria e a transformación que se está producindo no nivel de preparación da poboación.

2.5.4. A actividade económica da poboación municipal

Como primeira aproximación á caracterización económica do municipio, analízase relación coa actividade económica da súa poboación, utilizando para o efecto os datos do Censo de Poboación de 2001 comparándoos cos do 1991.

CADRO Nº 18. POBOACIÓN ACTIVA E OCUPACIÓN POR SEXOS. 2001

	POBOACIÓN OCUPADA	POBOACIÓN PARADA	POBOACIÓN ACTIVA	TAXA DE ACTIVIDADE	TAXA DE PARO	TAXA DE OCUPACIÓN
HOMES	1.030	57	1.087	53,1	5,24	50,3
MULLERES	767	98	865	36,5	11,33	32,3
TOTAL	1.797	155	1.952	44,3	7,94	40,7
PROVINCIA				52,3	11,7	46,2
GALICIA				50,7	12,5	44,3

Fonte: INE Censo 2001.

Elaboración propia.

Destaca en primeiro lugar a taxa de actividade municipal que se sitúa por debaixo da galega e a provincial.

A composición por sexos da poboación activa mostra as diferenzas existentes entre as posibilidades de incorporación ao emprego entre homes e mulleres. Así, a pesares dunha poboación activa feminina menor do 45% a taxa de paro é do 11,33, máis do dobre que a masculina. Estes datos son, aínda así máis equilibrados entre sexos que no conxunto da provincia e Galicia, con taxas de paro femininas do 14,2 e 16,1 respectivamente.

Estas características da taxa de actividade están acompañadas da baixa taxa de desemprego (7,94%) moi por debaixo da provincial (11,7) e a galega (12,5).

O peso que aínda mostra a agricultura no conxunto da actividade económica, coa súa capacidade para ocultar situacións de subemprego -a súa taxa de desemprego nominal é do 0,35%- explica esta baixa taxa de paro.

Da actividade da poboación por sectores, destaca o grande descenso do peso da agricultura, (do 43% ao 23,6%), aínda que segue sendo maior que a galega, (que descende do 23,7% ao 11,1%) e similar á provincial).

CADRO Nº 19. POBOACIÓN OCUPADA POS SECTORES. 1991-2001.

	AGRICULTURA	INDUSTRIA	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS	TOTAL
MONDOÑEDO 1991	844	382	181	625	2.032
%	41,6	18,8	8,9	30,8	100
MONDOÑEDO 2001	424	359	215	799	1797
%	23,6	20,0	12,0	44,4	100
% PROVINCIA 2001	23,2	12,9	10,5	53,2	100
% GALICIA 2001	11,1	18,7	12,3	57,9	100

Fonte: INE Censos 1991 2001.

Elaboración propia.

O emprego mostra a presenza significativa dos restantes sectores económicos. Destaca o incremento do sector Servizos, sen que se chegue aos niveis de Foz ou Burela, e inferior a Galicia.

En conclusión, sendo predominante en termos de emprego o sector agrario, o municipio experimentou un proceso xeneralizado de perda de empregos na agricultura e expansión do sector servizos. Por outra parte resulta significativa a porcentaxe do emprego na industria, que diminúe seis puntos no período analizado e incrementa no conxunto da Comarca en dous puntos porcentuais no período.

CADRO Nº 20. POBOACIÓN OCUPADA SEGUNDO SEXO E TIPO DE OCUPACIÓN. 2001.

SECTORES DE OCUPACIÓN	TOTAL	%	H	%	M	%	%H	%M	
Directivos e xerentes	112	6,23	64	6,21	48	6,26	57,14	42,86	100,00
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	123	6,84	45	4,37	78	10,17	36,59	63,41	100,00
Técnicos e profesionais de apoio	87	4,84	61	5,92	26	3,39	70,11	29,89	100,00
Empregados de tipo administrativo	88	4,90	48	4,66	40	5,22	54,55	45,45	100,00
Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	207	11,52	69	6,70	138	17,99	33,33	66,67	100,00
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	395	21,98	132	12,82	263	34,29	33,42	66,58	100,00
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, da construción e da minería	293	16,30	261	25,34	32	4,17	89,08	10,92	100,00
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	197	10,96	168	16,31	29	3,78	85,28	14,72	100,00
Traballadores non cualificados	279	15,53	173	16,80	106	13,82	62,01	37,99	100,00
Forzas armadas	16	0,89	9	0,87	7	0,91	56,25	43,75	100,00
TOTAL	1.797	100,00	1.030	100,00	767	100,00	57,32	42,68	100,00

Fonte: INE Censo 2001.

Elaboración propia.

Na análise da poboación ocupada segundo sexo e tipo de profesión destaca a importancia do número de agricultores, profesión de máis do 22% dos ocupados). Séguenlle en importancia os traballadores da construción, industria, minería e os

transportes, que representan máis do 16% e os traballadores non cualificados cun 15,5%. Os empregos nos servizos supoñen o 12%. Por sexos, industria, construción e técnicos de apoio son ocupacións maioritariamente masculinas. Pola contra, a pesares de que a poboación ocupada feminina é soamente o 42,68% supón da orde do 65% dos empregados en agricultura, técnicos profesionais e servizos.

2.5.5. A vivenda

No último Censo de Vivenda, Mondoñedo presenta un parque total de 2.365 vivendas, das que o 74,58% constan como vivendas ocupadas e principais, por riba da media galega (69,54%) correspondendo un escasísimo 1,95% a vivendas secundarias. Resta un 23,47% de vivendas baleiras, moi por riba da media galega (16,92%).

CADRO Nº 21. VIVENDAS SEGUNDO DESTINO. 1991- 2001

	PRINCIPAIS	SECUNDARIAS	BALEIRAS	OUTRAS	TOTAL
VIVENDAS 1991	1.755	46	560	4	2.365
%	74,20	1,95	23,68	0,17	100
VIVENDAS 2001	1.739	172	349	11	2.271
	76,57	7,57	15,37	0,49	100

A evolución do parque de vivenda durante a década dos anos noventa móstrase parella ao declive demográfico municipal. Nos dez anos que van de 1991 a 2001 o parque de vivendas diminúe en 94 vivendas. Xunto a unha certa permanencia no número de vivenda principal, o descenso do número de vivendas baleiras é maior ao incremento das vivendas secundarias. Este dato pode confirmar a baixa de vivendas baleiras en mal estado.

En consecuencia estase ante un proceso de perda de parque de vivendas tradicionais por abandono. Ponse de manifesto a necesidade da existencia de políticas de rehabilitación recuperando o patrimonio construído.

Cómpre ter en conta, nesta diagnose da vivenda, o masivo proceso construtivo xeneralizado no período 2000-2007 debido a un modelo económico, baseado principalmente na construción e na actividade inversora da burbulla inmobiliaria. Isto tradúcese nunha construción masiva de vivenda, máis aló das previsións demográficas, coas miras postas na inversión especulativa.

Unha aproximación a este fenómeno obtense dos datos da estatística de construción de edificios do Ministerio de Fomento.

CADRO Nº 22. Nº DE VIVENDAS DE NOVA PLANTA 2000-2007.

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
GALICIA	29.936	22.499	24.788	25.550	32.505	36.048	41.118	45.614
ALFOZ	0	0	3	0	1	0	0	0
BURELA	55	93	188	77	174	93	364	815
FOZ	707	132	200	147	100
LOURENZÁ	9	16	6	27	0	11	25	30
MONDOÑEDO	37	32	3	17	29	24	15	102
VALADOURO, O	2	20	20	1	62	1	18	152

Destaca o número de vivendas construídas en Burela, nunha evolución en progresión xeométrica crecente. Este aumento progresivo da construción é experimentado, en menor medida por todos os municipios da comarca. Mondoñedo cun notable descenso demográfico constrúe novas vivendas, aínda que a costa de que causen baixa as máis vellas.

2.5.6. Actualización das condicións socioeconómicas

Do análise dos datos que se reproducen a continuación, conclúese o mantemento da tendencia demográfica regresiva que amosa Mondoñedo nas últimas décadas, de xeito que a poboación de 2013 equivale ao 38,5% da que se tiña no ano 1900. En canto á súa estrutura amosa un envellecemento acusado, cun incremento na porcentaxe dos maiores de 65 anos que si no ano 1996 era do 24,5% no ano 2013 incrementouse o seu peso lixeiramente, descendendo en maior porcentaxe os menores de 16 anos.

EVOLUCIÓN POBOACIÓN E VIVENDAS

2001	2011	2013
5.007	4.194	4.074
2.271	2.727	--

Fonte: Censos e padróns demográficos. IGE. Elaboración propia

ESTRUTURA DA POBOACIÓN MUNICIPAL. POBOACIÓN POR GRUPOS DE IDADE E SEXO. 2008-2013

	0-15 anos	16-64 anos	65 e máis anos	TOTAL	%
2008					
HOMES	175	1.344	631	2.150	46,71
MULLERES	206	1.300	947	2.453	53,29
TOTAL	381	2.644	1.578	4.603	100,00
%	8,28	57,44	34,28	100,00	
2013					
HOMES	167	1.168	565	1.900	46,64
MULLERES	192	1.135	847	2.174	53,36
TOTAL	359	2.303	1.412	4.074	100,00
%	8,81	56,53	34,66	100,00	

Fonte: IGE Padróns 2008-2013. Elaboración propia

En canto ao incremento do parque residencial, pódese concluír que no tempo do boom inmobiliario, Mondoñedo non se mantivo ao marxe incrementando o seu parque residencial de 2001 nun 20% segundo datos censuais. Este feito provoca que se incrementase a porcentaxe de vivenda baleira en 2011 ata representar o 26,4% do parque residencial.

O último dos cadros que se extrae da estatística de construción do Ministerio de Fomento amosa o freo que a partir de 2007 se produce na execución de novas vivendas, de tal xeito que nos últimos 6 anos só se construíron dúas vivendas.

VIVENDAS SEGUNDO DESTINO. 2011

	PRINCIPAIS	SECUNDARIAS	BALEIRAS	TOTAL	OUTRAS
VIVENDAS 2011	1.656	353	719	2.727	5
%	60,73	12,90	26,37	100,00	-

Fonte: Censo 2011. IGE. Elaboración propia.

NÚMERO DE VIVENDAS DE NOVA PLANTA. 2000-2013

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
MONDOÑEDO	37	32	3	17	29	24	15	102	1	0	0	1	0	0

Fonte: Estadística construcción. Ministerio Fomento. IGE. Elaboración propia.

2.6. EQUIPAMENTO E DOTACIÓNS COMUNITARIAS

A oferta dotacional e de equipamento do Termo Municipal de Mondoñedo aparece concentrada case que en exclusividade na Cidade, no resto do territorio, eminentemente rural, só a entidade parroquial coa súa igrexa, cemiterio, e nalgúns casos campo de festa e escola unitaria, por veces xa abandonada, representan espazos de relación.

Por outra banda, a forte crise demográfica do municipio determina que moitas das dotacións deban, no curto prazo, trocar a súa funcionalidade atendendo a segmentos da poboación diferentes. Esta versatilidade das dotacións debe ser unha determinación do planeamento.

A continuación detállanse as diferentes dotacións existentes segundo a súa actividade.

Equipamento docente.

EQUIPAMENTO DOCENTE EXISTENTE

DENOMINACIÓN	SUPERFICIE SOLO (m ²)	TITULARIDADE
Sistema Xeral:		
DOC-01 Sección Instituto de Formación Profesional Agraria	29.069	Pública
DOC-02 IES San Rosendo	6.609	Pública
TOTAL	35.678	
Sistema Local:		
DOC-03 CPR Seminario Sta. Catalina	11.626	Institucional
DOC-04 CEIP Álvaro Cunqueiro	16.623	Pública
DOC-05 ESMU Municipal O Pallarego [*1] Incluída en ADM-01 Casa do Concello		Pública
TOTAL	28.249	

Equipamento sanitario.

No Concello só existe un Centro de Saúde situado na Cidade.

EQUIPAMENTO SANITARIO EXISTENTE

DENOMINACIÓN	SUPERFICIE SOLO (m ²)	TITULARIDADE
Sistema Xeral:		
S-01 Centro de Saúde [*2]	936	Pública
TOTAL	936	

Equipamento deportivo.

A oferta deportiva de Mondoñedo concéntrase na Cidade.

EQUIPAMENTO DEPORTIVO EXISTENTE

DENOMINACIÓN	SUPERFICIE SOLO (m ²)	TITULARIDADE
Sistema Xeral:		
DEP-01 Instalacións Deportivas de Viñas da Veiga	16.305	Pública
DEP-02 Piscinas Municipais	5.235	Pública
TOTAL	21.540	

Equipamento administrativo.

A dotación administrativa municipal concéntrase na Casa Consistorial onde á parte da Administración Municipal sitúanse os Xulgados número 1 e 2. Na mesma praza do Concello sitúase o edificio do Centro de Servizos Comunitarios da Xunta de Galicia. Á parte destas dotacións, existen outras relacionadas coa administración periférica do Estado ou Autonómica como son o Servizo de Recadación e Información da Seguridade Social, Servizo de Extensión Agraria, Instituto Nacional de Emprego, a Recadación de Tributos da Deputación, o Rexistro da Propiedade, etc. Algunha das cales non supoñen consumo de solo.

EQUIPAMENTO ADMINISTRATIVO EXISTENTE

DENOMINACIÓN	SUPERFICIE SOLO (m ²)	TITULARIDADE
Sistema Xeral:		
ADM-01 Casa do Concello [*1]	345	Pública
ADM-02 Cuartel Garda Civil	2.800	Pública
ADM-03 Centro de Servizos Sociais	258	Pública
ADM-05 Xulgados	956	Pública
ADM-06 Centro de Atención, Información e Recadación da Seguridade Social [*2] Incluída en S-01 Centro de Saúde		Pública
ADM-07 Edificio de Extensión Agraria	1.485	Pública
TOTAL	5.844	

Equipamento sociocultural.

Nas dotacións socio-culturais existen as de titularidade pública municipal, as relacionadas coa Igrexa e aquelas que teñen que ver con asociacións veciñais.

EQUIPAMENTO SOCIOCULTURAL EXISTENTE

DENOMINACIÓN	SUPERFICIE SOLO (m ²)	TITULARIDADE
Sistema Xeral:		
SC-06 Biblioteca Municipal	147	Pública
SC-07 Casa da Cultura	385	Pública
SC-08 Centro de Interpretación do Camiño Norte [*6]	1.050	Pública
SC-09 Centro de Desenvolvemento Comarcal da Mariña Central [*6] Incluída en SC-08 C.I. do Camiño Norte		Pública
TOTAL	1.582	
Sistema Local:		
SC-01 Centro Cultural de Figueiras	83	Veciñal
SC-02 Centro Social en A Retorta	2.147	Privada
SC-03 Centro Social en Os Baos	327	Veciñal
SC-04 Centro Social en Estelo	70	Veciñal
SC-05 Escola Pública de Curros	1.860	Pública
SC-10 Museo e Arquivo Catedralicio [*5] Incluída en R-14 Catedral de Sta. María		Institucional
TOTAL	4.487	

Equipamento Asistencial.

Esta dotación relaciónase tanto coas dotacións de carácter público como coas políticas de beneficencia desenvolvida pola comunidade relixiosa.

EQUIPAMENTO ASISTENCIAL EXISTENTE

DENOMINACIÓN	SUPERFICIE SOLO (m ²)	TITULARIDADE
Sistema Xeral:		
AS-03 Centro de Atención a Infancia	1.383	Pública
AS-06 Casa da Xuventude	197	Pública
TOTAL	1.580	
Sistema Local:		
AS-01 Refuxio Espeleolóxico	128	Pública
AS-02 Residencia de Anciáns	6.153	Institucional
AS-04 Hospital de San Pablo	3.780	Institucional
AS-05 Casa da Muller	402	Pública
TOTAL	10.463	

Equipamento Multiusos.

EQUIPAMENTO MULTIUSOS EXISTENTE (TM+CIDADE)

DENOMINACIÓN	SUPERFICIE SOLO (m ²)	TITULARIDADE
Sistema Xeral:		
DM-01 Centro Cultural Álvaro Cunqueiro [*4]	5.772	Pública
DM-03 Escola Municipal de Música [*4] Incluída en DM-01 C.C Álvaro Cunqueiro		Pública
TOTAL	5.772	
Sistema Local:		
DM-02 Escola Unitaria de Maior	475	Pública
DM-04 Escola Unitaria de Vilamor	1.093	Pública
TOTAL	1.568	

Equipamento Servizos Urbanos.

EQUIPAMENTO SERVIZOS URBANOS EXISTENTE (TM+CIDADE)

DENOMINACIÓN	SUPERFICIE SOLO (m ²)	TITULARIDADE
Sistema Xeral:		
SU-01 Matadoiro Municipal	4.201	Pública
SU-02 Garaxe Municipal	1.897	Pública
SU-03 Protección Civil	657	Pública
SU-04 Estación de Autobuses	2.168	Pública
TOTAL	8.923	

Equipamento de Cemiterios.

Os cemiterios existentes en Mondoñedo aparecen vencellados á entidade parroquial agás o Municipal na Cidade. Existen un total de 14 instalacións.

EQUIPAMENTO DE CEMITERIOS EXISTENTE (TM+CIDADE)

DENOMINACIÓN	SUPERFICIE SOLO (m ²)	TITULARIDADE
Sistema Xeral:		
CM-01 Cemiterio Municipal de Mondoñedo en Santiago	9.930	Pública
TOTAL	9.930	

DENOMINACIÓN	SUPERFICIE SOLO (m ²)	TITULARIDADE
Sistema Local:		
CM-02 Cemiterio Parroquial de Argomoso	349	Institucional
CM-03 Cemiterio Parroquial de Couboeira	379	Institucional
CM-04 Cemiterio Parroquial de Figueiras	539	Institucional
CM-05 Cemiterio Parroquial de Lindín	630	Institucional
CM-06 Cemiterio Parroquial de Masma	540	Institucional
CM-07 Cemiterio Parroquial do Carme	837	Institucional
CM-08 Cemiterio Parroquial de Maior	967	Institucional
CM-09 Cemiterio Parroquial de San Vicente	167	Institucional
CM-10 Cemiterio Parroquial de Oirán	390	Institucional
CM-11 Cemiterio Parroquial de Sasdónigas	358	Institucional
CM-12 Cemiterio Parroquial de Viloalle	602	Institucional
CM-13 Cemiterio Parroquial de Vilamor	575	Institucional
CM-14 Cemiterio Parroquial de Estelo	458	Institucional
TOTAL	6.791	

Equipamento Relixioso.

Dada a importancia do Concello como sé episcopal, a oferta relixiosa é ampla existindo ademais das trece igrexas parroquiais, a Catedral e Pazo Episcopal, un Mosteiro, un Seminario, un Convento e vinte e unha capelas e ermidas.

EQUIPAMENTO RELIXIOSO EXISTENTE (TM+CIDADE)

DENOMINACIÓN	SUPERFICIE SOLO (m ²)	TITULARIDADE
Sistema Local:		
R-01 Igrexa Parroquial de San Estevo de Oirán	183	Institucional
R-02 Igrexa Parroquial en Brozo	179	Institucional
R-03 Igrexa Parroquial de San Martiño de Figueiras. [*3] Incluída en CM-04 C.P. de Figueiras.		Institucional
R-04 Igrexa Parroquial de San Andrés de Masma	1.031	Institucional
R-05 Igrexa Parroquial de Santa María de Vilamaior	830	Institucional
R-06 Igrexa Parroquial de Santa María de Viloalle	1.039	Institucional
R-07 Igrexa Parroquial de Nosa Señora do Carme	1.092	Institucional
R-08 Igrexa Parroquial de Santiago de Lindín	898	Institucional
R-09 Igrexa Parroquial de San Pedro de Argomoso	530	Institucional
R-10 Igrexa Parroquial de San Lourenzo de Sasdónigas	699	Institucional
R-11 Igrexa Parroquial de San Vicente de Trigás	348	Institucional
R-12 Igrexa Parroquial de Santa María Maior	956	Institucional
R-13 Igrexa Parroquial de San Pedro de Santiago	673	Institucional
R-14 Catedral de Santa María [*5]	6.326	Institucional
R-15 Igrexa de San Lázaro	101	Institucional
R-16 Igrexa de Santiago	1.987	Institucional

DENOMINACIÓN	SUPERFICIE SOLO (m ²)	TITULARIDADE
R-17 Capela de Santiago	109	Institucional
R-18 Capela da Nosa Señora dos Remedios	1.677	Institucional
R-19 Capela de San Roque	135	Institucional
R-20 Convento das Concepcionistas	2.417	Institucional
TOTAL	21.210	

Equipamento Comercial.

Constituído en exclusiva pola praza de Abastos de titularidade municipal.

EQUIPAMENTO ABASTECIMIENTO-COMERCIAL EXISTENTE

DENOMINACIÓN	SUPERFICIE SOLO (m ²)	TITULARIDADE
Sistema Xeral:		
AB-01 Mercado Municipal	1.232	Pública
TOTAL	1.232	

Reservas de equipamento.

Constitúen este apartado aquelas parcelas ou edificios que perderon o seu uso orixinal pero que polas súas características, titularidade ou estado pódense incorporar de novo ao sistema dotacional municipal. Entre estas dotacións atópanse as vellas escolas unitarias, as casas reitorais abandonadas ou parcelas de titularidade pública resultantes de concentracións parcelarias.

RESERVA DE EQUIPAMENTO EXISTENTE (TM+CIDADE)

DENOMINACIÓN	SUPERFICIE SOLO (m ²)	TITULARIDADE
RE-01 Escola Unitaria de Os Remedios	972	Municipal
RE-02 Casa Reitoral de Vilamor	959	Institucional
RE-03 Casa Reitoral do Carne	573	Institucional
RE-04 Escola Unitaria de Oirán	585	Municipal
RE-05 Escola Unitaria de Sasdónigas	1.091	Municipal
RE-06 Escola Unitaria de Lindín	551	Municipal
RE-07 Casa Reitoral de Argomoso	2.308	Institucional
RE-08 Pazo do Bo Aire	9.620	Institucional
RE-09 Antiga Escola de Música	705	Pública
RE-10 Avda. Bispo Fernández de Castro	130	Pública
TOTAL	17.494	

Espazos libres e zonas verdes públicas.

As zonas verdes e espazos libres públicos formalizados como tal emprázanse en exclusiva na Cidade de Mondoñedo, onde o conxunto histórico constitúe o grande espazo peonil, coas prazas da Catedral, Osvaldo Codina e a do Seminario. Xunto a elas o Parque Alameda dos Remedios e o Campo da Feira, son as de maior superficie.

ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES EXISTENTES (TM+CIDADE)

DENOMINACIÓN	SUPERFICIE SOLO (m ²)	TITULARIDADE
Sistema Xeral:		
ZV-01 Zona Recreativa A Fervenza	12.190	Pública
ZV-02 Alameda dos Remedios	6.383	Pública
ZV-03 Campo da Feira	4.213	Pública
ZV-04 Praza da Catedral	2.458	Pública
ZV-06 Parque do antigo Cemiterio	9.402	Pública
TOTAL	34.646	
Sistema Local:		
ZL-01 Zona libre en Santa Margarita	317	Pública
ZL-02 Zona libre en Casabranca	487	Pública
ZL-03 Zona libre en A Retorta	2.425	Pública
ZL-04 Zona libre en O Souto	1.878	Pública
ZL-05 Zona libre en Os Baos	5.557	Pública
ZL-06 Zona libre en A Igrexa	2.460	Pública
ZL-07 Zona libre en Barral de Cima	1.309	Pública
ZL-08 Zona libre cerca de O Romeo	1.607	Pública
ZL-09 Zona libre en San Martiño	2.214	Pública
ZL-10 Zona libre en Estelo	1.601	Pública
ZL-11 Zona libre en Maior	1.348	Pública
ZL-13 Praza de Osvaldo Codina	840	Pública
ZL-14 Praza de Muiños de Abaixo	611	Pública
ZL-15 Praza de Muiños de Arriba	940	Pública
ZL-16 Praza de Carroceira	268	Pública
ZL-17 Praza da Fonte Vella	193	Pública
ZL-18 Praza do Seminario	830	Pública
ZL-21 Praza da Avda. de Bispo Fernández de Castro	458	Pública
TOTAL	25.343	

2.7. ANTECEDENTES DE PLANEAMIENTO URBANÍSTICO

2.7.1. O planeamento municipal

As vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Mondoñedo, foron aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo en sesión de 12 de xullo de 1978, entrando en vigor coa publicación no BOP de 18.8.1978; constituíndo polo tanto un instrumento non adaptado ás recentes determinacións da lexislación urbanística. A revisión parcial, tramitada no ano 1985, máis ben se podería conceptuar como unha modificación que, en calquera caso, ten xa catorce anos de antigüidade.

A obsolescencia do documento percíbese non só na súa antigüidade e falla de adaptación ás vixentes premisas legais, senón tamén na súa formulación anterior á declaración como conxunto histórico artístico de gran parte do seu casco urbano (no tempo da formulación das Normas só existía unha incoación), o que de por si só debe determinar unha reflexión diferente da proposta neste planeamento sobre un dos conxuntos urbanos máis singulares de Galicia.

Desde o punto de vista da ordenación, o territorio municipal, non excluído na clasificación de solo urbano da Cidade, está tratado deficientemente ata o punto de que as determinacións de ordenación teñen a súa plasmación nunha cartografía de escala 1:25.000, malia existir unha vontade de regular tanto a existencia de entidades rurais de poboación como de proteccións no solo non urbanizable (protección da paisaxe e protección forestal).

No que atinxe ao casco urbano, as Normas delimitan unha zona de Casco antigo no que serán de aplicación as Normas da Zona Histórico-Artística ao abeiro da anterior “Ley del Patrimonio Artístico Nacional”, o que representa un primario instrumento de regulación. Esta Normas introducen criterios proteccionistas sobre o conxunto, tanto desde o punto de vista da permanencia das aliñacións exteriores como das alturas das edificacións, aportando unha primeira clasificación do parque construído en edificios de interese monumental, de interese ambiental e sen interese, e todo complementado cunhas ordenanzas de estética urbana.

No ano 1993 principiase unha Revisión e Adaptación das Normas Subsidiarias de Planeamento, que tras o período de información pública do seu Avance de Planeamento, 1994, ve interrompida a súa tramitación.

Durante o seu período de vixencia aprobáronse as seguintes modificacións puntuais do planeamento municipal:

- MP. NSP. Zona Instituto (07/03/1996)
- MP. NSP. Angular da Avenida de Bos Aires e rúa Vilalba (26/03/1998)
- MP. NSP. No ámbito delimitado pola CN-634 Avenida de Bos Aires e Estrada LU-124 (15/03/2001).

Por último, en data 03/11/2003 aprobouse o Proxecto Sectorial para dar acomodo á actuación do Parque Empresarial promovido polo Concello e o IGVS, en terreos situados ao carón do nó norte de acceso á Cidade de Mondoñedo desde a estrada nacional, na actualidade con urbanización rematada.

2.7.2. A protección do patrimonio histórico-artístico e o Plan Especial de Reforma Interior do Casco Histórico

A primeira actuación de protección prodúcese a raíz da redacción das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal en 1978, nas que se presenta a necesidade da redacción dunha normativa especial de protección do Casco Histórico e a súa zona de influencia, encontrando o seu apoio definitivo no Decreto 91/1985, do 2 de maio, da Consellería de Cultura polo que se declara Mondoñedo Conxunto Histórico-Artístico. O ámbito da declaración é o que se describe a continuación:

“A delimitación comenza na unión da estrada dos Remedios coa estrada nacional San Sebastián-A Coruña.

Collendo pola estrada nacional, rodeamos o cemiterio municipal e collemos pola rúa Julia Pardo ata chegar á Igrexa de Santiago; bordeámola pola parte posterior ata chegar á travesía de Casas Novas; seguindo pola rúa da ponte ata que se cruza coa rúa Pascual Veiga, collendo a dirección da avenida de B. Aires, seguimos a avenida a través da confluencia da rúa Bispo Solís ata a rúa Méndez Núñez.

Collendo polo calexón Congruas ata a rúa de río Sixto seguimos a rúa Rigueira ata que se xunta coa parte posterior do convento de Alcántara, rodeando o devandito convento ata a primeira rúa, que sae do campo de Alcántara á esquerda ata a súa coa avenida de Calvo Sotelo que leva ata a rúa dos Remedios punto de comenzo da limitación”.

O “Plan Especial de Reforma Interior y Protección del Conjunto Histórico-Artístico” aprobado definitivamente o 24 de marzo de 1994, constitúe o primeiro instrumento de protección urbanística da área, regulando o mantemento da súa estrutura urbana, e a salvagarda do seu patrimonio edificado.

Fundamentado na declaración de Conxunto Histórico-Artístico de 1985, o Plan Especial formulouse cun triple obxectivo:

- . A protección da estrutura urbana existente.
- . A ordenación integral do conxunto.
- . A definición dun Catálogo de edificacións singulares e elementos urbanos.

Para cumprir tales obxectivos, o Plan Especial integra unha serie de accións que van desde a necesidade de modificar tecidos urbanos existentes e aspectos de vialidade, pasando pola necesidade de ampliar tecido urbano ou pola preservación de zonas, conxuntos ou edificacións de relevancia, incorporando un Ficheiro Individualizado de

Catalogación no que, tras establecer unha gradación da protección (en cinco niveis: de excepcional a ningunha) incorporándose as Fichas de Normalización Tipolóxica como instrumento definidor das actuacións na edificación, cun carácter netamente ambientalista.

Con data 23.04.98 o conxunto histórico de Mondoñedo recibe a declaración de Área de Rehabilitación, por parte da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, na que se inclúen os barrios históricos dos Muíños e San Lázaro.